

Manual de localización

Táboa de contidos

<u>PRÓLOGO</u>	7
<u>TÉCNICAS DE LOCALIZACIÓN</u>	10
1. <u>Introdución</u>	10
2. <u>Xestión de linguas no software</u>	10
<u>A internacionalización (i18n)</u>	11
<u>A localización (l10n)</u>	11
<u>GNU Gettext e o formato PO</u>	11
3. <u>Os estándares</u>	12
<u>Os estándares LISA (http://www.lisa.org/)</u>	12
<u>Os estándares OSCAR</u>	12
<u>TMX (Translation Memory eXchange)</u>	12
<u>TBX (Term-Base eXchange)</u>	13
<u>XLIFF (OASIS XML Localisation Interchange File Format)</u>	13
4. <u>Software de aplicación. Aplicativos</u>	13
<u>Aplicativos de escritorio</u>	14
<u>KBabel (http://kbabel.kde.org/)</u>	14
<u>GTranslator (http://gtranslator.sourceforge.net/)</u>	14
<u>poEdit (http://www.poedit.net/)</u>	14
<u>Lokalise (anteriormente chamado Kaider)</u>	14
<u>OpenLanguageTools (https://open-language-tools.dev.java.net/)</u>	15
<u>OmegaT (http://www.omegat.org/)</u>	15
<u>Aplicativos en liña</u>	15
<u>Comparanza de características</u>	16
<u>O formato XLIFF</u>	17
<u>Os filtros XLIFF</u>	18
<u>As memorias de tradución TMX</u>	19
<u>Os glosarios TBX</u>	22
<u>A tecnoloxía Gettext</u>	26
<u>Os ficheiros POT</u>	26
<u>Os ficheiros PO</u>	28
<u>Etiquetas e caracteres especiais</u>	30
<u>Edición de ficheiros PO co Poedit</u>	31
<u>Como vimos no apartado anterior, a tradución dun ficheiro .po pódese levar adiante cun simple editor e texto. Porén, moitas persoas encontran máis conveniente modificar ou crear un PO mediante unha ferramenta de localización especializada. Imos ver agora algúns aspectos básicos do manexo dun ficheiro .po no Poedit</u>	31
<u>A interacción coas cabeceiras PO</u>	33
<u>A interacción cos repositorios</u>	34

<u>O xestor de catálogos</u>	35
<u>Verificación da tradución</u>	36
Os correctores ortográficos nos aplicativos.....	37
Tradución con tecnoloxía Gettext.....	40
<u>Argumentos</u>	40
<u>Teclas e combinacións de acceso rápido</u>	40
<u>Información de contexto</u>	41
<u>Formas plurais</u>	41
<u>Títulos de crédito</u>	42
<u>Comprobacións da tradución</u>	43
<u>Búsqueda de conflitos en teclas rápidas</u>	44
<u>Uso de coma</u>	45
5. Metodoloxía.....	45
<u>Modelo de localización</u>	46
<u>Terminoloxía</u>	46
<u>Recursos</u>	46
<u>Recursos textuais. Os córpora</u>	46
<u>A comunidade e os equipos de localización</u>	47
<u>Sobre o Gettext</u>	50
CRITERIOS LINGÜÍSTICOS.....	50
6. <u>Introdución</u>	50
<u>Localización de software para galego</u>	50
<u>Criterios de estilo</u>	52
<u>Algunhas técnicas e convencións básicas de tradución e localización</u>	52
<u>Cando non hai un equivalente gramatical</u>	53
<u>Cando non hai un equivalente comunicativo</u>	53
<u>Cando é preciso reestruturar un enunciado</u>	54
<u>Cando non se pode manter a mesma orde dos elementos dunha frase</u>	55
<u>Cando hai elementos lingüisticamente superfluos</u>	55
<u>Cando é preciso acrecentar algún elemento</u>	57
<u>Cando non hai un equivalente cultural</u>	57
<u>Cando hai erros no orixinal</u>	58
7. <u>Criterios ortotipográficos</u>	58
<u>Uso de maiúsculas e minúsculas</u>	58
<u>Utilizamos as maiúsculas nos seguintes casos</u>	58
<u>Utilizamos minúsculas nos seguintes casos</u>	59
<u>Puntuación</u>	59
<u>O punto</u>	59
<u>A vírgula</u>	60
<u>Signos de interrogación e exclamación</u>	61
<u>Parénteses</u>	61
<u>Abreviaturas</u>	61

Siglas	62
Símbolos	63
8. Criterios morfosintácticos	63
Sociolingüísticos	63
Ámbito morfosintáctico	63
Neutralización de xénero gramatical	63
Ámbito lexical	64
Terminoloxía	64
Nomes de persoa	64
Nomes campos léxicos pechados de internacionalización: toponimia, moedas, linguas, fusos horarios, etc.	64
Nomes de programas e aplicativos	65
Formas de tratamento	65
Gramaticais. Escollas das Normas	66
Terminación –bel/-ble	66
Preposición até/ata	66
Sufixo -aría/-ería	66
Adverbios aquí, acá, acó	66
Moi e moito	66
Tamén e tamén non	66
Así mesmo	67
Ademais	67
Mentres e en canto	67
Estruturas comparativas que/ca	67
Máis/menos que/de	67
Primeira forma do artigo	67
Distinción entre demostrativo simple e composto	68
Uso da preposición a en contextos dubidosos	68
a + complemento directo	68
ir + a + infinitivo	68
Supresión de preposicións	68
Uso dos pronomes	69
Cuantificadores ningún, nada e ninguén	69
Os pronomes demostrativos invariábeis	69
Nós, vós e connosco, convosco... con vostede, consigo	69
Colocación do pronome na oración	70
Distinción dos pronomes de acusativo e dativo (lle,o)	70
Uso do pronome ambos/as	70
O artigo cos pronomes persoais e posesivos	71
O artigo en construcións relativas (PREP + ARTIGO + QUE/CAL)	71
O cal, a cal. Uso e abuso	72
Cuxo, cuxa /que	72

Dito/a	72
Algún/nha en sentido negativo	72
Adxectivos	73
Mesmo/a	73
Gran/grande	73
Adxectivos e expresións que indican cantidade ou pluralidade	73
Verbos	73
Pretérito e fórmula Ter+participio	73
Antepretérito (cantara) con valor de pospretérito (cantaría)	74
Distinción entre o antepretérito de indicativo (cantara) e o pretérito de subxuntivo (cantase)	74
Uso do futuro de subxuntivo (cantar) e non o presente (cante) en contextos condicionais	74
Utilización do infinitivo flexionado	75
Futuro do subxuntivo	76
Xerundio	77
Mediante o infinitivo xerundial	77
Mediante o xerundio flexionado	77
Colocación do pronome nas construcións verbais	77
Ter+de/que	78
Tradución das formas verbais inglesas	78
Menús, botóns, caixas de diálogo e separadores	78
Caixas de verificación	78
Listas despregábeis, de combinación, táboas e formularios	79
Instrucións e suxestións (tooltips)	79
Cando a suxestión é o mesmo texto que o elemento a que fai referencia será traducido exactamente igual	79
Infinitivo, imperativo e futuro	79
Tradución dos verbos modais (can, may, should, ...)	80
Tradución das formas terminadas en -ing	80
Formas terminadas en -ing nos títulos	80
Uso do xerundio ou de estar a + infinitivo	81
Usos da pasiva	81
Tradución das preposicións	82
Tradución do determinante a inglés	82
A conxunción que cando introduce complementos da oración	83
9.Criterios terminolóxicos	84
Algoritmo de decisión terminolóxica	85
Modelo	88
Explicación teórica do funcionamento do algoritmo	88
Aplicación sobre algúns termos	89
Caso 1	89

Caso 2	89
Caso 3	89
Caso 4	89
Caso 5	90
Caso 6	90
10. BIBLIOGRAFÍA	91
11. ANEXOS	93
12. Versionado	93
13. Autoría	93
14. Agradecementos	94

PRÓLOGO

Sen esquecer a súa capacidade para producir contidos propios, na actualidade resulta difícil imaxinar outro indicador da viabilidade dunha cultura na era informacional máis significativo que o seu grao de dispoñibilidade, na lingua vehicular, ás interfaces que fornecen o acceso aos recursos e servizos electrónicos que caracterizan a sociedade da información e do coñecemento. No caso da cultura galega, dada a procedencia xeralmente alóctona daqueles recursos e servizos, o indicador variará en función da capacidade que a nosa sociedade teña para *traducir* as súas interfaces.

Dada a natureza informática das interfaces, esa nosa capacidade estará supeditada á vontade de quen detente os dereitos de autoría dos correspondentes aplicativos para deixarnos modificar o seu código fonte, pois o proceso de tradución involucra xeralmente esa modificación. Posto que esta vontade adoita expresarse na forma dunha *licenza*, será preciso considerar por separado os aplicativos en función de se a licenza baixo a que se distribúen outorga esta posibilidade -as licenzas libres ou abertas- ou se a restrinxen ou denega -o caso das licenzas privativas.

Visto que, no caso da industria da programación privativa, a lóxica económica inhibe o investimento preciso para dispoñibilizar os seus produtos en galego, resulta inmediato concluír que a nosa capacidade para galeguizar as interfaces -e por tanto a viabilidade da nosa cultura na era informacional- estará determinada pola intensidade no recurso á programación de fontes abertas.

Mais, sendo conveniente e mesmo necesario o recurso á programación de fontes abertas, non resulta este suficiente, pois quen decide asumir o reto de galeguizar un aplicativo informático libre aínda deberá enfrontarse a dúas cuestións recorrentes:

- **Lingua.** Ningún servizo lingüístico actual nin a formalización normativa ortográfica do idioma -como é o caso das *Normas* sancionadas pola RAG- pode resolver satisfactoriamente as dúbidas que xorden no decurso dos traballos de galeguización, como poidan ser as terminolóxicas ou as estilísticas. Este feito dificulta dotar de coherencia e homoxeneidade ás traducións dos distintos aplicativos ao galego.
- **Metodoloxía.** Os aplicativos libres son sostidos por grupos de persoas que se relacionan no marco de estruturas sociais que son distintas en cada caso, e nas que é preciso integrarse demostrando unha habelencia suficiente no uso das técnicas e códigos que lles son características. Esta variedade nos fluxos de traballo e nas ferramentas auxiliares empregadas dificultan a identificación dunha única metodoloxía aplicábel a todos os casos.

Precisamente, co propósito de neutralizar estas dificultades xorde este Manual, que partiu dos consensos do “g11n” e que describe as técnicas e referencias que están a ser empregadas nos traballos de localización por parte do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre (Mancomun) conxuntamente co resto de axentes que conforman a comunidade galega de localización.

Trátase pois dun recurso que quere servir de axuda a quen decide participar nun proxecto de programación de fontes abertas colaborando na súa tradución ao galego, tanto voluntaria como profesionalmente. Con este propósito, afróntanse dous ámbitos: o técnico-informático, cunha descrición das ferramentas e metodoloxías máis frecuentes, e o técnico-lingüístico, cunha serie de recomendacións e anexos que sirvan de guía de lingua, non tanto prescritiva como descriptiva, tal como se explica de seguido.

No referido á escolla de ferramentas auxiliares de localización, non se pretendeu facer unha selección exhaustiva, senón unha que fose ilustradora de cada un dos casos comentados, a modo de exemplo non exclusivo, e que con seguridade deberá ser actualizada e complementada con novas funcionalidades e versións.

Algo máis de prudencia require o comentario dos aspectos lingüísticos do Manual, conscientes como somos da gran polémica que suscitan as escollas nun ou noutro sentido. Neste aspecto, queremos insistir en que este Manual non pretende converterse nun libro de lingua, nin de estilo en xeral, xa que o obxectivo que se pretende é prover solucións que garantan dentro do posíbel pistas para dotar de coherencia e homoxeneidade as obras de tradución de software ao galego.

Cómpre salientar que é o da suxestión -e non o da prescrición- o único sentido en que cabe interpretar as normas, criterios, convenios e recursos que aquí se ofrecen, especialmente no que atinxe á terminoloxía. Cando aquí se afirma que se fai a tradución ou a fixación dunha ou doutra palabra ou que se aplica tal ou cal criterio, simplemente estamos a informar sobre a escolla do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre, que damos a coñecer por entender que pode resultar útil noutros casos. Outras opcións poden ser igualmente válidas; o que non impide afirmar a existencia obxectiva duns usos asentados socialmente, polo que as escollas deste Manual son en grande medida unha concreción homologábel deses usos.

É preciso sinalar o carácter colectivo e aberto desta obra, que xurdiu das sinerxías iniciadas nos encontros da comunidade *g11n* -numerónimo de *galeguización*- e que foron promovidos polo Centro de Referencia e Servizos de Software Libre coa participación de empresas, representantes de distintas institucións públicas vinculadas a esta actividade e sobre todo de persoas que voluntariamente fan a súa achega, ben a título individual, ben como membros de colectivos dedicados á tradución de software. Que esta obra sexa unha homenaxe permanente ao traballo destas persoas, tantas veces ignorado e non poucas desprezado.

Hai moitas persoas que merecerían ver recoñecida a súa contribución e para iso engadimos á sección de agradecementos ao final do Manual. Mais, entre todas elas é preciso destacar a de Susana Sotelo Docío, pois a ela debemos a metodoloxía de localización que sentou as bases para acadar os consensos dos *g11n* dos que procede este Manual. O mérito radica na súa capacidade para sintetizar coñecementos tan especializados como os da lingüística e a informática e aplicalos ao caso da localización de software de fontes abertas. De non ser pola súa valía intelectual, e polo seu

compromiso a prol do coñecemento libre aínda seguiríamos a reinventar a roda e a confundir os *catálogos* de PO con TMX.

Oxalá que esta experiencia da comunidade galega de localización sirva de referencia útil para afortalar a diversidade cultural do noso planeta, constatando unha vez máis aquel aserto que Castelao puxera en boca da Xeración Nós: “Galiza, célula de universalidade”

Saúde e liberdade,

Jesús Manuel Benítez Baleato
Coordinador do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre (Mancomun)

TÉCNICAS DE LOCALIZACIÓN¹

Introdución

O obxectivo deste bloque é o de presentar as principais estratexias e ferramentas de localización de software. O ámbito de aplicación é o software libre (SL), aínda que se terán en conta outros ámbitos ou programas con outro tipo de licenzas de modo excepcional, especialmente no referido ás aplicacións multiplataforma.

As persoas destinatarias son principalmente aquelas que desexen introducirse na tradución de software ou manuais de axuda ao galego. Porén, os primeiros apartados deste bloque, cun enfoque máis metodolóxico que práctico, poderán interesar igualmente a aquelas persoas que xa teñan algún tipo de coñecemento sobre as cuestións que aquí se falan.

Calquera software de tradución ten que tratar dos seguintes problemas de tradución: extracción das cadeas que deben ser traducidas, a segmentación e a referencia ao lugar no código ao que pertence a cadea, o aliñamento entre texto fonte e texto traducido, a capacidade de reutilizar traducións cando o ficheiro orixinal cambiou, marcar as cadeas como equivalentes e aquelas con tradución non completa ou aproximada (*fuzzy*), e o informe automático de cadeas traducidas.

Xestión de linguas no software

O concepto de globalización é habitualmente asociado ao de homoxeneización (tamén cultural) e ao dominio do inglés nos campos da economía, a tecnoloxía etc. As tecnoloxías que se veñen desenvolvendo para a globalización dos produtos de software (particularmente desde a industria) poden ser igualmente vistas como unha oportunidade para o avance neste ámbito das linguas e culturas que contan con menos recursos. Neste contexto, é necesario destacar que o SL e as licenzas libres poden vir a ter unha rendibilidade maior no desenvolvemento local, considerando a dispoñibilidade do código fonte, a súa liberdade de modificación e a libre dispoñibilidade dos produtos xerados con esta tecnoloxía, entre outras. Quere isto dicir que o software con licenzas libres presenta varias vantaxes competitivas para as linguas e culturas antes mencionadas².

1 Adaptación do termo inglés “localization”

2 Ver o apartado sobre localización en http://en.wikibooks.org/wiki/FOSS_Localization. Existe unha versión en PDF en <http://www.iosn.net/110n/foss-localization-primer/foss-localization-primer.pdf>.

A capacidade do software actual para se adaptar a diferentes culturas, exprésase fundamentalmente na aplicación das tecnoloxías de internacionalización e localización, o que na industria do software se recolle baixo o termo *globalización*³.

A internacionalización (i18n)

Internacionalización é a capacidade que un software pode ter para ser localizábel en diferentes idiomas. Os sistemas de internacionalización ofrecen a posibilidade de adaptarmos as aplicacións e sistemas operativos á nosa cultura, de modo que non sexa imprescindible o coñecemento da lingua dos produtores do software (xeralmente o inglés) para a interacción coas máquinas que o utilizan. Por i18n débese entender unha adaptación cultural, nun sentido amplo, porque non se trata só de mostrar as mensaxes do sistema na nosa lingua, senón tamén outros aspectos como os símbolos (monetarios, por exemplo), o sistema de ordenación ou a codificación de caracteres entre outros.

A localización (l10n)

A localización é a implantación efectiva dos sistemas de internacionalización. No caso do galego, isto exprésase, por exemplo, na existencia dunha comunidade de usuarios e usuarias que traballan para que o galego sexa unha máis das posibilidades á hora de seleccionar unha lingua determinada para a interacción co computador. Esta actividade é a que habitualmente se coñece como "tradución de software" e onde a colaboración das persoas en volta dunha comunidade se fai máis visíbel.

GNU Gettext e o formato PO

No ámbito do SL, Gettext é o sistema de i18n polo que opta a maioría das persoas desenvolvedoras. O máis habitual é que unha persoa tradutora de software entre en contacto coa tecnoloxía Gettext a través dun ficheiro PO, que consiste basicamente nun ficheiro de texto en que se recollen as mensaxes de texto do idioma fonte (xeralmente o inglés) e a súa equivalencia nun idioma meta (no caso que nos interesa, o galego), ademais doutras informacións, como as persoas ou equipo que xeran e manteñen a localización dun ficheiro determinado.

Exemplo:

```
#: src/name.c:36
msgid "My name is %s."
msgstr "O meu nome é %s."
```

³ Ver *Globalization Industry Primer*, accesíbel no sitio web de LISA <http://www.lisa.org/Industry-Data.512.0.html> (é necesario rexistrarse).

Os estándares.

A importancia dos estándares vén determinada pola necesidade de compartir e reutilizar o coñecemento e información xerados por unha persoa ou proxecto nun proceso de localización. É fácil intuír que a xestión da localización dun sistema ou dunha contorna de escritorio non é unha tarefa que precise poucos recursos. Outra dificultade evidente é a de manter un estilo determinado cando son varias as persoas que traballan nun mesmo proxecto (a localización do KDE ou do Gnome, por exemplo).

Os estándares LISA (<http://www.lisa.org/>)

No dominio dos estándares desenvolvidos pola industria da globalización dos produtos de software, véñense fixando nos últimos anos unha serie de estándares abertos que poden ser aproveitados para definir unha metodoloxía de traballo. O ámbito do SL non é alleo a estas solucións e, nos últimos tempos, pódese apreciar unha implantación progresiva dos estándares industriais no software utilizado no traballo de localización⁴.

Os estándares OSCAR⁵

Entre os diversos estándares abertos dispoñíbeis, encontramos que os seguintes son de grande interese para a sociedade da información en xeral e para a localización do SL en particular:

TMX (Translation Memory eXchange)

É o estándar de OSCAR máis antigo e serve para o intercambio da información contida en memorias de tradución (MT). Unha MT acostuma ser o resultado dun traballo de localización determinado. Unha vez rematado o proceso de localización dun ficheiro, a información pode ser almacenada neste formato para o seu aproveitamento posterior.

-
- 4 Sobre este asunto pódense seguir varios artigos de Juan Rafael Fernández vinculados á tradución do SL, en especial a súa intervención no 1º Encontro G11n en Compostela. Todos os artigos están accesíbeis en <http://people.ofset.org/jrfernandez/#traduccion>
- 5 (Open Standards for Container/content Allowing Reuse) (<http://www.lisa.org/OSCAR-LISA-s-Standa.79.0.html>) e XLIFF (<http://docs.oasis-open.org/xliff/xliff-core/xliff-core.html>).

TBX (Term-Base eXchange)

Trátase doutro estándar de OSCAR, agora convertido tamén en estándar ISO. Un ficheiro TBX contén normalmente o produto dun traballo de localización onde se reúne a terminoloxía utilizada. A información estrutúrase en tres campos básicos que conteñen: o termo da lingua fonte, a correspondencia na lingua meta e comentarios contextuais opcionais. Configúranse como un glosario estruturado e intercambiábel.

XLIFF (OASIS XML Localisation Interchange File Format)

O estándar XLIFF funciona como un intermediario entre o ficheiro orixinal e o traballo de localización. Isto conséguese a través dos filtros de conversión dispoñíbeis para diversos formatos (ODT ou PO, entre outros). Entre as súas funcionalidades, destaca a posibilidade de inserir comentarios (das persoas localizadoras ou revisoras) e a de indicar o estado da tradución (rexeitada, aprobada, traducida etc.). Unha vez rematado o proceso, a información pódese retraducir para o formato do ficheiro de orixe. Cómpre subliñar que os estándares mencionados teñen en común o uso da linguaxe XML, que é a dominante nos estándares industriais.

Software de aplicación. Aplicativos

Para iniciarse no traballo de localización as múltiples aplicacións dispoñíbeis constitúen tanto unha vantaxe como un inconveniente. Entre as vantaxes podemos destacar a posibilidade da adaptación ás necesidades ou preferencias individuais e grupais. Entre os inconvenientes, é preciso ter en conta a dispersión á que unha persoa sen experiencia pode ter que facer fronte, xunto co diferente grao de aplicación dos diversos estándares e os tipos de formato con que cada aplicación pode traballar.

En xeral, as ferramentas de axuda para a localización no ámbito do SL caracterízanse por unha progresiva mais incompleta adopción dos estándares, en parte determinada polo predominio da tecnoloxía Gettext.

Nos seguintes apartados veremos as principais ferramentas que podemos utilizar no traballo de localización. As divisións responden a diferentes contornas, obxectivos e usos que se poden dar nun proceso de tradución de software. As ferramentas analizadas teñen diversos graos de complexidade e manexan os estándares de diferentes maneiras. O obxectivo é considerarmos as opcións ao noso alcance e seleccionar unha delas (ou varias) en dependencia das necesidades e características do traballo.

Aplicativos de escritorio

En xeral, as aplicacións de escritorio están máis orientadas para un traballo individual, aínda que a utilización de formatos estándares poida permitir compartir a información dentro dun grupo de traballo.

Dentro das aplicacións de escritorio, podemos distinguir entre aquelas máis apropiadas para a tradución de documentación (en xeral e de software en particular) e outras centradas na localización de software. As dedicadas á tradución de software contemplan basicamente a edición de ficheiros PO.

KBabel (<http://kbabel.kde.org/>)

Trátase da ferramenta posibelmente máis utilizada para a tradución de ficheiros PO. Incorpora moitas características que facilitan o traballo filolóxico, como dicionarios, corrección ortográfica ou a comparación das diferenzas entre versións. O soporte do formato XLIFF 1.0 é experimental. A tradución de cadeas de texto pódese facer por aproximación, ao estilo das memorias de tradución estándar. Neste momento é un proxecto que non se desenvolverá para o futuro, en que será substituído por Lokalice.

GTranslator (<http://gtranslator.sourceforge.net/>)

É unha ferramenta de tradución que pertence ao escritorio Gnome. Ten características interesantes, como a aprendizaxe automática de traducións. O seu desenvolvemento actual está en progreso e incorporará funcións como un plugin para o OpenTran ou o soporte de memorias de tradución.

poEdit (<http://www.poedit.net/>)

Está desenvolvido co toolkit wxWidgets e incorpora características como a memoria de tradución, para automatizar o traballo coas cadeas de texto máis frecuentes. É un software multiplataforma (está testado en sistema *NIX con GTK+ e Windows). Só ten corrector.

Lokalize (*anteriormente chamado Kaider*)

(http://techbase.kde.org/Projects/Summer_of_Code/2007/Projects/KAider).

Multiplataforma. Será o substituto a curto prazo do KBabel. Incorpora novas funcionalidades, como o soporte do formato TBX, e mantense a previsión de desenvolvemento do soporte de XLIFF. Algunhas das funcionalidades do KBabel non serán trasladadas para este aplicativo; outras, como a

verificación da sintaxe, están a ser desenvolvidas actualmente.⁶

OpenLanguageTools (<https://open-language-tools.dev.java.net/>)

Naceu como unha aplicación de localización de Sun Microsystems. Entre as funcionalidades máis destacadas están o soporte de XLIFF e do estándar TMX, polo que ofrece facilidades para o traballo dentro dun grupo de localización. A última versión desta ferramenta liberouse a finais do 2006. Dispoñemos dunha tradución completa do Manual como material complementario.

OmegaT (<http://www.omegat.org/>)

É moi utilizada para a tradución de documentación. Soporta os estándares XLIFF e TMX. Pódense usar glosarios externos. Recentemente aumentouse a compatibilidade co Okapi Framework (<http://okapi.sourceforge.net/>).

7

Aplicativos en liña

Os aplicativos en liña, accesíbeis a través dun navegador web, son unha boa opción para aquelas persoas que desexen aproximarse ao mundo da localización de software, pola facilidade que caracteriza o uso das aplicacións web máis coñecidas: o Entrens (<http://entrens.sourceforge.net/>) e o Pootle (<http://translate.sourceforge.net/>). O acceso a un servidor con este tipo de software posibilita, ademais, a creación de comunidades colaborativas traballando en localización.

Ambas as ferramentas serven para a localización baseada en ficheiros .po, mais o desenvolvemento do Entrens está agora detido e non así o do Pootle, que continúa liberando novas versións. Á parte, este último está integrando os estándares LISA de localización TMX e TBX, así como o XLIFF.

⁶ Un videotutorial sobre o seu uso: <http://youonlylivetwice.info/lokalize/lokalize-first.htm>

Esta lista non pretende ser exhaustiva e podería ser ampliada con aplicacións como

- Virtaal (<http://translate.sourceforge.net/wiki/virtaal/index>)
- Wordforge Editor (http://www.khmeros.info/drupal/?q=en/download/Translation_Editor),

derivadas ambas dos proxectos Translate Toolkit e Pootle (<http://translate.sourceforge.net/>), mais o seu desenvolvemento é recente e a implementación de funcionalidades non está rematada.

Comparanza de características

aplicación	plataforma	ortografía	MT	TBX	XLIFF
KBabel	Linux	Aspell	baseada en PO		si
Gtranslator	Linux	Aspell	baseada en PO		
Lokalize	Linux	Aspell	baseada en PO	non (glosario externo)	si
Poedit	Linux/Windows		baseada en PO	non	
Open-Language-Tools	multiplataforma (Java)	Aspell	TMX	non	si
OmegaT	multiplataforma (Java)		TMX	non (glosario externo)	si
Virtaal	multiplataforma (Python)	Aspell		non	
WordForge Editor	multiplataforma (Python)	MySpell	TMX	si	si
Pootle	web		TMX	si	si

Este cadro recolle as principais características dos aplicativos vistas nos puntos anteriores. Trátase de ver, sobre todo, aquelas que máis poden axudar na parte lingüística. O concepto de “memoria de tradución (TM polas súas siglas inglesas)” está a ser aplicado tanto con base nos .po (compendios) como nos .tmx. Os glosarios teñen unha implantación aínda feble. Un dos aspectos que cómpre destacar, é que para o galego só está dispoñíbel un corrector ortográfico feito con Hunspell; porén, as aplicacións analizadas traballan con outros formatos.

En resumo, o predominio de Gettext e a implantación de determinados estándares abertos son os aspectos clave do panorama actual dos aplicativos para a localización. Neste sentido, un dos aspectos máis importantes é o da reutilización da información, xa que están asentadas dúas vertentes claras: o uso da tecnoloxía Gettext (compendios, repertorios de ficheiros .po etc.) e a aplicación de estándares.

Dentro deste principio de reutilización, sobrancea a importancia do nivel de interactividade dos aplicativos coas memorias de tradución. Unha valorización dos aplicativos máis adecuados para un tipo concreto de traballo debe incluír unha análise do tipo de estratexia de memoria de tradución utilizada, xa que o mantemento de versións dunha determinada localización (documentación, aplicativos, contornos de escritorio etc.) é unha tarefa que significa o mantemento dun gran volume de traballo.

Os aplicativos e a incorporación dos estándares

O modelo de localización proposto por Mancomun propón a integración dos estándares LISA no fluxo de traballo, o que significa entre outras cousas que os traballos realizados polas empresas deberán reverter no beneficio da sociedade mediante a liberación do coñecemento. Na práctica hai dous elementos básicos neste proceso: os glosarios terminolóxicos (TBX) e as memorias de tradución (TMX). Teremos en conta ademais o estándar XLIFF para coñecer como se pode aplicar un modelo de traballo baseado en fases de revisión.

Veremos agora exemplos prácticos de como interactuar con estes formatos coas aplicacións dispoñíbeis. Para os exemplos utilizaremos un ficheiro .po (*gnome-desktop.HEAD.gl.po*) que descargamos previamente do repositorio do Gnome en <http://10n.gnome.org/>.

O formato XLIFF

As vantaxes principais deste formato son a aplicación de estados de tradución dos ficheiros, e a manipulación de varios formatos de localización de software e documentación a través dun único obxecto.

Para o traballo co formato XLIFF usaremos as Open Language Tools, que se poden descargar na versión 1.2.7 en: <https://open-language-tools.dev.java.net/>. As Open Language Tools compóñense de dous aplicativos: un editor (Open Language Tools XLIFF Translation Editor) e unha utilidade para a conversión de diferentes formatos a XLIFF (Open Language Tools XLIFF Filters). Na páxina do proxecto hai versións para Unix e para Windows.

Para a instalación en Linux hai que descargar os arquivos:


transeditor_v1_2_7_unix.tar.gz (o editor)

xliff_filters_v1_2_7_unix.tar.gz (os filtros)

e descomprimilos:

```
tar -xvzf transeditor_v1_2_7_unix.tar.gz
```

```
tar -xvzf xliff_filters_v1_2_7_unix.tar.gz
```



Os cartafoles conteñen un ficheiro .jar (*transeditor_v1_2_7_unix.jar* e *xliff_filters_v1_2_7_unix.jar*) que se pode executar⁸ para iniciar unha instalación guiada.

O instalador crea unha estrutura de cartafoles no camiño especificado na instalación que contén os atallos para ambas as aplicacións.


Os filtros XLIFF

Para crear un ficheiro XLIFF, no noso caso a partir do ficheiro *gnome-desktop.HEAD.gl.po*, simplemente hai que arrastrar o ficheiro á xanela dos filtros de conversión:



O resultado é un ficheiro que respecta o nome orixinal (*gnome-desktop.HEAD.gl.po.xlz*) co que xa podemos comezar a traballar no editor.







No traballo coas Open Language Tools, un ficheiro ten que facer parte sempre dun proxecto, que podemos definir a través do menú *Ficheiro > Proxecto novo*:



⁸ É necesario que teñamos un ambiente Java instalado para poder proceder coa instalación e a execución da aplicación. Se os arquivos .jar non se executan automaticamente ao facer un duplo clic, pódese iniciar a instalación a través da consola: `java -jar transeditor_v1_2_7_unix.jar`.

Nota: É importante manter unha coherencia nas linguas de traballo que definamos para os proxectos, xa que os ficheiros .xlz gardarán esta combinación de linguas; a importación dunha memoria TMX depende tamén das linguas de traballo que teñamos definidas.

Podemos observar que existen varios estados posíbeis para un segmento (cadea) do .po orixinal:

-  indica que se trata dunha tradución automática (100% de coincidencia cun segmento da memoria de tradución),
-  aplícase aos segmentos aprobados por un revisor/a,
-  aplícase aos segmentos rexeitados por un tradutor/a ou revisor/a,
-  indica que se trata dun segmento modificado por unha persoa usuaria,
-  o segmento contén un comentario feito por unha persoa usuaria,
-  o segmento está traducido.

O estado dos segmentos almacénase no propio XLIFF, polo que podemos utilizar este formato para intercambiar información útil dentro dun esquema de traballo en equipo, sobre todo se dividimos o proceso en diferentes fases, como poderían ser:

- pretradución: tradución automática de segmentos,
- tradución: feita por un tradutor/a que pode incorporar comentarios sobre os segmentos ou o propio ficheiro que se estea a traducir,
- revisión: onde intervén unha segunda persoa.

Unha vez que teñamos finalizado o traballo de tradución e/ou revisión, podemos obter o ficheiro .po modificado a través do diálogo de reconversión en *Ferramentas > Converter no orixinal...*

As memorias de tradución TMX

Un ficheiro TMX contén varios segmentos nunha lingua de orixe (xeralmente o inglés, declarado como en-US) e as súas correspondencias nunha lingua meta (no noso caso gl-GL ou gl-ES, dependendo do uso que as aplicacións fagan dos códigos internacionais de lingua).

Este é o aspecto dun ficheiro TMX xerado coas Open Language Tools visto nun editor de texto:

```

*gnome-desktop.HEAD.gl.po.tmx (~/Desktop/MTL_aplicacions) - gedit
Ficheiro  Editar  Ver  Buscar  Ferramentas  Documentos  Axuda

*gnome-desktop.HEAD.gl.po.tmx
1 <?xml version="1.0" encoding="utf-8"?><!DOCTYPE tmx SYSTEM "tmx13.dtd">
2 <tmx version="1.3">
3 <header creationtool="SunTrans 2 XLIFF To TMX Converter" creationtoolversion="Pre FCS"
4 <prop type="SunTrans::DocFile">gnome-desktop.HEAD.gl.po</prop>
5 </header>
6 <body>
7 <tu tuid="a1"><prop type="SunTrans::MessageKey">About GNOME</prop>
8 <tuv xml:lang="en-US">
9 <seg>About GNOME</seg>
10 </tuv>
11 <tuv xml:lang="gl-GL">
12 <seg>Sobre o Gnome</seg>
13 </tuv>
14 </tu>
15 <tu tuid="a2"><prop type="SunTrans::MessageKey">Learn more about GNOME</prop>
16 <tuv xml:lang="en-US">
17 <seg>Learn more about GNOME</seg>
18 </tuv>
19 <tuv xml:lang="gl-GL">
20 <seg>Aprenda máis sobre o Gnome</seg>
21 </tuv>
22 </tu>
23 <tu tuid="a3"><prop type="SunTrans::MessageKey">News</prop>
24 <tuv xml:lang="en-US">
25 <seg>News</seg>
26 </tuv>
27 <tuv xml:lang="gl-GL">
28 <seg>Noticias</seg>
29 </tuv><note>Verificar</note>
30 </tu>
    
```

Ademais da información que contén a cabeceira sobre a ferramenta utilizada para crear o ficheiro, o idioma de orixe ou o nome do ficheiro ou ficheiros orixinais; un TMX contén as seguintes etiquetas⁹:

<tu></tu> para as unidades de tradución (pares de segmentos),

<tuv></tuv> identifican cada un dos segmentos,

<seg></seg> para o texto almacenado en cada segmento, e

xml:lang="xx-XX" son as etiquetas que identifican a lingua de orixe e meta para cada unidade de tradución¹⁰.

Un ficheiro TMX debería ser o produto dun traballo de localización acabado, porque se entende que as correspondencias almacenadas están verificadas e poden ser reaproveitadas. Para o uso das memorias de tradución no formato TMX poderíamos seguir un proceso de tradución automática de dous modos:


9 Un ficheiro TMX pode almacenar máis dunha correspondencia para un segmento da lingua de orixe, de modo que poderíamos construír un TMX que contivese alternativas de tradución ou un terceiro idioma dentro do mesmo ficheiro.

10 As marcas estándar para as variábeis de lingua nas Open Language Tools teñen a estrutura xx-XX, para a lingua e o país respectivamente. No caso do galego, a etiqueta que manexa é gl-GL, o que non é compatíbel con todas as aplicacións (podería ser por exemplo "gl" ou "gl-ES"). Veremos máis sobre esta cuestión no apartado dedicado ao Lokalize.

- a) se está dispoñíbel, aplícase a memoria TMX propia dun ficheiro (no noso caso gnome-desktop.HEAD.gl.po.tmx a gnome-desktop.HEAD.gl.po),
- b) aplícaselle unha memoria global, por exemplo unha derivada dun proxecto máis amplo (un TMX que conteña o produto de máis dunha tradución).¹¹


Para xerar un ficheiro TMX a partir dun ficheiro XLIFF debemos ter en conta os seguintes puntos:

- todos os segmentos do ficheiro teñen que estar validados como *traducidos*, en caso contrario o proceso de conversión devolverá un erro sen identificar,
- executamos o diálogo de reconversión no menú *Ferramentas > Converter no orixinal...*, seleccionando a opción *crear un ficheiro TMX*.



Se o proceso de conversión falla non se xera o ficheiro TMX. Un diálogo de aviso pode axudar a identificar onde se encontra o erro que debemos corrixir antes de iniciar de novo o diálogo de reconversión:

¹¹ Para unir dous ou máis TMX pódese empregar a utilidade TMXMerger, que está accesíbel na páxina do OmegaT <http://www.omegat.org>.



Os glosarios TBX

O emprego dos glosarios terminolóxicos no formato TBX, igual que os TMX, poden contribuír á mellora da coherencia entre os diferentes proxectos de tradución. Nas ferramentas que integran este estándar facilítase a inserción de termos, cuxa tradución estea máis ou menos consensuada e formalizada en ficheiros con este formato.

Este é o aspecto dun ficheiro TBX visto nun editor de texto:

```

1 <?xml version='1.0' encoding='utf-8'?>
2 <!DOCTYPE martif PUBLIC "ISO 12200:1999A//DTD MARTIF core (DXFcdV04)//EN" "TBxcdv04.dtd">
3 <martif type="TBX" xml:lang="en">
4   <martifHeader>
5     <fileDesc>
6       <sourceDesc>
7         <p>Martif Editor</p>
8       </sourceDesc>
9     </fileDesc>
10  </martifHeader>
11  <text>
12    <body>
13      <termEntry>
14        <langSet xml:lang="en">
15          <term>statusbar</term>
16        </langSet>
17        <langSet xml:lang="gl">
18          <term>barra de estado</term>
19        </langSet>
20      </termEntry>
21      <termEntry>
22        <langSet xml:lang="en">
23          <term>password</term>
24        </langSet>
25        <langSet xml:lang="gl">
26          <term>contrasinal</term>
27        </langSet>
28      </termEntry>
29    </body>
30  </text>
31 </martif>
32 </text>
33 </body>
34 </text>
35 </martif>
36 </text>

```

As etiquetas básicas do formato TBX neste exemplo son:

```
<termEntry></termEntry>
```

que identifican cada un dos termos de orixe (normalmente `xml:lang="en"`) e as súas equivalencias nunha ou máis linguas (no noso caso `xml:lang="gl"`),

```
<langSet></langSet>
```

definen os límites dun conxunto de termo de orixe e equivalencias, ademais das posíbel información a maiores,


```
<term></term>
```

contéñen o texto aplicábel para cada termo definido.

O conxunto de etiquetas posíbeis é moito maior e poden ser utilizadas, por exemplo, para definir a materia á que se refire un determinado termo.

Para vermos a integración dos glosarios no formato TBX no traballo de localización usaremos o Lokalize (antes KAider). A versión que está dispoñíbel nos repositorios de Ubuntu é a 4:4.1.3-0ubuntu1 (0.2 na numeración interna da aplicación). Podemos instalar o Lokalize mediante o xestor de paquetes, en *Sistema > Administración > Xestor de paquetes Synaptic*. Para os usuarios e usuarias de Debian o Lokalize está accesíbel no repositorio *Experimental*:

<http://packages.debian.org/experimental/lokalize>. Esta aplicación forma parte das ferramentas do escritorio de KDE, polo que se integra mellor neste. No entanto, as dependencias do KDE que se instalan se o escritorio utilizado for o Gnome permiten utilizar correctamente a aplicación.




Para ilustrar un fluxo de traballo co Lokalize, utilizaremos o ficheiro .po anterior e incluiremos na configuración do proxecto un glosario no formato TBX, ademais unha memoria de tradución no formato TMX.

Un ficheiro TBX pódese engadir no menú *Proxecto > Configurar o Proxecto*:


É imprescindible seleccionar o idioma que coincida co glosario que queremos empregar. Neste caso habería que seleccionar no campo *Lingua* o galego, para o que garda a etiqueta *gl*. O seguinte paso é seleccionar no campo *Glosario* o camiño onde temos gardado o glosario TBX¹² e aceptar os cambios.

Pódese manter o glosario, modificando correspondencias ou engadindo novos termos, na xanela de edición dos glosarios, que está accesíbel mediante o atallo de teclado *Ctrl+Alt+G* ou premendo directamente co botón dereito do rato no panel *Glosario*:

¹² Como o Lokalize manexa o valor *gl* como código de lingua para o galego, a etiqueta que identifica os termos en galego do glosario ten que ser necesariamente *xml:lang="gl"*. Se o valor desta etiqueta fose *xml:lang="gl-ES"* ou calquera outra variante, o glosario non devolvería ningunha coincidencia. Habería que facer unha substitución deste valor en todo o documento mediante un editor de texto, por exemplo.




Os cambios gárdanse automaticamente no ficheiro .tbx seleccionado na configuración do proxecto. Esta aplicación permite a construción de memorias de tradución na forma de compendios (un único ficheiro .po ou unha estrutura de cartafoles que conteñan ficheiros .po xa traducidos), e tamén a importación de ficheiros con extensión .tmx. Para importar un TMX no proxecto en que se estea a traballar, podemos ir ao menú *Utilidades > Xestionar as memorias de tradución*:



A xanela mostra os nomes dos proxectos que foron definidos. Para importar un TMX no proxecto co que estamos a traballar, selecciónase (no noso caso sería kde-gl) e prémese o botón "Engadir datos de TMX". Nesta mesma xanela pódese exportar a memoria de tradución dun proxecto no formato TMX .

Unha vez configurado o proxecto, e termos importado o glosario e un TMX, podemos pasar a traballar co ficheiro .po que estamos utilizando de exemplo. A xanela principal do Lokalize tería

este aspecto:




Vemos que para inserir unha das correspondencias do glosario ou da memoria de tradución podemos utilizar os atallos de teclado correspondentes (CTRL+L para o glosario e CTRL+1 para a memoria de tradución).

A tecnoloxía Gettext.

Os ficheiros POT

Os ficheiros POT son modelos para a tradución (“t” de “template”). Son semellantes aos ficheiros .po mais só conteñen as mensaxes no orixinal, normalmente nunha versión actualizada. Un ficheiro .pot non contén información sobre o idioma nin as persoas tradutoras. Para crear un PO a partir dun modelo POT, hai que renomear o ficheiro conservando o nome e modificando a extensión como .po, ademais de engadir a información sobre o idioma e os tradutores/as na cabeceira. Isto pódese facer directamente nun editor de texto ou mediante unha das diferentes aplicacións de localización.

Esta é a visualización de un ficheiro POT nun editor de texto:




```
gnome-desktop.HEAD.pot (~/.Desktop/MTL_aplicacions) - gedit
Ficheiro  Editar  Ver  Buscar  Ferramentas  Documentos  Axuda
gnome-desktop.HEAD.gl.po  gnome-desktop.HEAD.pot
1 # SOME DESCRIPTIVE TITLE.
2 # Copyright (C) YEAR THE PACKAGE'S COPYRIGHT HOLDER
3 # This file is distributed under the same license as the PACKAGE package.
4 # FIRST AUTHOR <EMAIL@ADDRESS>, YEAR.
5 #
6 #, fuzzy
7 msgid ""
8 msgstr ""
9 "Project-Id-Version: PACKAGE VERSION\n"
10 "Report-Msgid-Bugs-To: http://bugzilla.gnome.org/enter\_bug.cgi?product=gnome-
11 "desktop&component=general\n"
12 "POT-Creation-Date: 2008-12-14 11:03+0000\n"
13 "PO-Revision-Date: YEAR-MO-DA HO:MI+ZONE\n"
14 "Last-Translator: FULL NAME <EMAIL@ADDRESS>\n"
15 "Language-Team: LANGUAGE <LL@li.org>\n"
16 "MIME-Version: 1.0\n"
17 "Content-Type: text/plain; charset=CHARSET\n"
18 "Content-Transfer-Encoding: 8bit\n"
19
20 #: ../gnome-about/gnome-about.desktop.in.in.h:1
21 #: ../gnome-about/gnome-about.in:61
22 msgid "About GNOME"
23 msgstr ""
24
25 #: ../gnome-about/gnome-about.desktop.in.in.h:2
26 msgid "Learn more about GNOME"
27 msgstr ""
28
29 #: ../gnome-about/gnome-about.in:62
30 msgid "News"
31 msgstr ""
32
33 #: ../gnome-about/gnome-about.in:63
34 msgid "GNOME Library"
35 msgstr ""
36
Li 6, Col 9  INS
```

As partes máis importantes da cabeceira dun ficheiro *.pot* son:

- "Report-Msgid-Bugs-To: http://bugzilla.gnome.org/enter_bug.cgi?product=gnome-" indica onde informar dun erro do ficheiro, normalmente relacionado con un *msgid* incorrecto,
- "POT-Creation-Date: 2008-12-14 11:03+0000\n" contén os datos sobre a data de creación do modelo. Permite garantir que estamos a utilizar a última versión actualizada,
- "PO-Revision-Date: YEAR-MO-DA HO:MI+ZONE\n" informa da data da última modificación do ficheiro *.po*. A data de revisión non pode ser anterior á de creación do *.pot* ou o ficheiro podería ser rexeitado nos repositorios ou non compilar correctamente,
- "Last-Translator: FULL NAME <EMAIL@ADDRESS>\n" contén a indicación da última persoa tradutora. Os tradutores/as anteriores poden verse nos comentarios iniciais dun ficheiro *.po*,
- "Language-Team: LANGUAGE <LL@li.org>\n" contén a mención ao equipo de tradución do idioma ao que se traduce un PO,
- "Content-Type: text/plain; charset=CHARSET\n" indica a codificación utilizada.

Nota: Se se encontra un erro ou se ten unha dúbida en relación a un *msgid* ou *msgstr*, podemos acudir á cabeceira do ficheiro en cuestión para saber a onde nos dirixir, ou con que persoa debemos contactar.

Nota: A cabeceira dun ficheiro PO débese modificar correctamente. Un ficheiro *.po* podería non funcionar ao



```
gnome-desktop.HEAD.gl.po (~/Desktop/MTL_aplicacións) - gedit
Ficheiro  Editar  Ver  Buscar  Ferramentas  Documentos  Axuda
gnome-desktop.HEAD.gl.po  gnome-desktop.HEAD.pot
1 # translation of gl.po to Galego
2 # Galician translation of gnome-desktop.
3 # Copyright (C) 1999-2004 Jesús Bravo Álvarez
4 #
5 # Proxecto Trasno - Adaptación do software libre á lingua galega: Se desexas
6 # colaborar connosco, podes atopar máis información en http://www.trasno.net
7 #
8 # First Version: 2002-06-02 14:00+0200
9 #
10 # Jesús Bravo Álvarez <suso@trasno.net>, 1999-2004.
11 # Ignacio Casal Quinteiro <nacho.resa@gmail.com>, 2005, 2006.
12 # Ignacio Casal Quinteiro <icq@cvs.gnome.org>, 2007.
13 # Ignacio Casal Quinteiro <icq@svn.gnome.org>, 2007.
14 msgid ""
15 msgstr ""
16 "Project-Id-Version: gl\n"
17 "Report-Msgid-Bugs-To: http://bugzilla.gnome.org/enter\_bug.cgi?product=gnome-
18 "desktop&component=general\n"
19 "POT-Creation-Date: 2008-12-09 18:19+0000\n"
20 "PO-Revision-Date: 2008-07-19 11:37+0200\n"
21 "Last-Translator: Ignacio Casal Quinteiro <icq@svn.gnome.org>\n"
22 "Language-Team: Galego <proxecto@trasno.net>\n"
23 "MIME-Version: 1.0\n"
24 "Content-Type: text/plain; charset=UTF-8\n"
25 "Content-Transfer-Encoding: 8bit\n"
26 "Plural-Forms: nplurals=2; plural=(n!=1)\n"
27 "X-Generator: KBabel 1.11.4\n"
28
29 #: ../gnome-about/gnome-about.desktop.in.in.h:1
30 #: ../gnome-about/gnome-about.in:61
31 msgid "About GNOME"
32 msgstr "Sobre o Gnome"
33
34 #: ../gnome-about/gnome-about.desktop.in.in.h:2
35 msgid "Learn more about GNOME"
36 msgstr "Aprenda máis sobre o Gnome"
Li 1, Col 1      INS
```

Na cabeceira do ficheiro *.po* que estamos a utilizar como exemplo cómpre destacar o seguinte:

- A liña "Plural-Forms: nplurals=2; plural=(n!=1)\n" contén a fórmula para manexar os plurais en galego. Hai aplicacións que utilizan as indicacións de plural para presentar as mensaxes en singular e plural xuntas e facilitar así o traballo,
- As persoas que manteñen unha tradución aparecen ordenadas polo período en que traballaron sobre o ficheiro, seguindo a estrutura: nome <correo@electrónico>, ano1, [ano2].

As mensaxes do orixinal comezan coa etiqueta *msgid* e abaixo delas aparecen as traducións, sinaladas pola etiqueta *msgstr*.

Este é un exemplo dunha cadea sen traducir, tal e como aparece nun ficheiro *.pot*:

```
#: ../gnome-about/gnome-about.in:62
msgid "News"
msgstr ""
```

Este é un exemplo da mesma cadea traducida no ficheiro *.po*:

```
#: ../gnome-about/gnome-about.in:62
msgid "News"
msgstr "Noticias"
```

A liña *msgid* non se debe modificar nunca. Se se encontra un erro o procedemento é informar no enderezo que se indica na cabeceira. Só se pode escribir dentro das comiñas duplas das liñas que comezan coa etiqueta *msgstr*, se vamos traballar nun editor de texto. Porén, o máis habitual é empregar unha aplicación especializada neste formato.

Nota: O símbolo # significa que a liña é un comentario. Aparece como comentario todo aquilo que non é parte dun *msgid* nin dun *msgstr*. As persoas desenvolvedoras poden incluír comentarios para os tradutores ou tradutoras como comentarios xunto coas mensaxes para traducir. Se unha unidade de tradución contén o comentario #, fuzzy, isto significa que se trata dunha tradución automática aproximada e hai que revisala.

Etiquetas e caracteres especiais

Dentro dunha unidade de tradución podemos encontrar algúns caracteres ou etiquetas cuxo significado é necesario comprender para traducir as mensaxes orixinais. Cando algunha destas marcas aparece no texto orixinal hai que inserilas obrigatoriamente no idioma meta para garantir que o ficheiro resultante funcione correctamente. Entre as máis importantes encontramos:

• **Atallos de teclado.** Permiten a manipulación dunha interface gráfica mediante a combinación de dúas ou máis teclas. Os caracteres que reciben o atallo aparecen polo xeral subliñados nas interfaces gráficas. Os atallos máis habituais utilizan os símbolos & e _ (o símbolo ~ úsase sobre todo no OpenOffice.org):

```
msgid "_Add..."
msgstr "_Engadir..."
ou
msgid "&Add..."
msgstr "&Engadir"
```

Pódese modificar a posición dos atallos, mais hai que tentar manter o carácter utilizado no orixinal ou unha letra que sexa significativa na tradución. Hai que evitar o uso de caracteres que baixen da

liña, como p ou g, porque dificultan a lexibilidade nunha interface gráfica. Se nun mesmo menú aparecen dous atallos coincidentes pódese xerar un conflito (non se sabería que atallo escoller).

•**Variábeis.** As variábeis consisten nun símbolo % e un número ou unha letra. Teñen que estar obrigatoriamente no idioma meta e non se traducen:

```
msgid "Error reading file '%s': %s"  
msgstr "Erro ao ler o ficheiro '%s': %s"
```

ou

```
msgid "File '%s' is not a regular file or directory."  
msgstr "O ficheiro '%s' non é un ficheiro ou directorio regular."
```

Pódese modificar a posición para adaptala ao idioma meta.

•**Marcas de formato.** Empréganse para dar formato ás mensaxes cando se mostran nunha interface gráfica. Hai que mantelas na tradución:

```
\n indica o comezo dunha nova liña,  
<b>texto</b> o texto vai en negra,  
<i>texto</i> o texto vai en itálico.
```

Hai que manter as etiquetas. O máis frecuente é que se traduza o texto delimitado polas etiquetas, non sendo que se trate dun enderezo URL ou dun correo electrónico, onde hai excepcións que se poden solucionar recorrendo á información do contexto ou ás instrucións específicas da aplicación.

Edición de ficheiros PO co Poedit


Como vimos no apartado anterior, a tradución dun ficheiro .po pódese levar adiante cun simple editor e texto. Porén, moitas persoas encontran máis conveniente modificar ou crear un PO mediante unha ferramenta de localización especializada. Imos ver agora algúns aspectos básicos do manexo dun ficheiro .po no Poedit.

O Poedit é unha ferramenta de localización multiplataforma. En <http://www.poedit.net> hai versións para Linux, Mac e Windows. A última versión desta aplicación é a 1.4.2. Para os exemplos seguintes tomouse a versión dispoñíbel nos repositorios de Ubuntu 8.10 (a 1.3.9), que contén as funcionalidades básicas. No enderezo <http://www.poedit.net/download.php> podemos descargar os paquetes: .exe para Windows e .dmg para Mac. O Poedit fai parte da maioría dos repositorios de software das distribucións Linux. A última versión do Poedit pódese instalar compilando as fontes. Na páxina de descarga aparecen as instrucións necesarias para compilar a aplicación nos sistemas mencionados.



Entre as funcionalidades para o traballo co estándar Gettext encontramos:

1. edición directa de ficheiros POT,
2. edición de ficheiros PO con soporte da visualización do estado dos segmentos traducíbeis (non traducido, dubidoso, incorrecto e traducido) na interface gráfica,
3. xestión de catálogos e proxectos de tradución,
4. exportación de ficheiros MO.

Esta é a xanela principal da aplicación traballando co noso ficheiro de exemplo:




Podemos destacar as seguintes funcionalidades na interface gráfica:

- 1.as unidades de tradución preséntanse agrupadas polo seu estado, na imaxe anterior: sen traducir, de tradución dubidosa (fuzzy) e traducidas,
- 2.visualízanse os comentarios asociados ás cadeas cando son de utilidade para o tradutor ou tradutora (non se mostran os comentarios para as persoas desenvolvedoras),
- 3.pódese marcar ou desmarcar unha cadea como dubidosa: ,
- 4.permite modificar os comentarios para engadir información: .

A interacción coas cabeceiras PO

O Poedit interactúa cos ficheiros de maneira que modifica automaticamente varios dos aspectos vistos no apartado dedicado ás cabeceiras no formato PO. Para isto é necesario fornecer á aplicación a información básica. Esta información pódese encher nos seguintes lugares (pode variar lixeiramente dependendo da versión utilizada:

- no menú *Ficheiro > Preferencias...*, dentro do separador *Personalizar* debemos indicar o noso nome e correo electrónico se non o fixemos na primeira execución do programa. Estes datos utilízanse para a liña "Last-Translator",
- no menú *Catálogo > Opcións...*, dentro do separador *Información do proxecto*, podemos escribir os datos sobre o idioma utilizado, a codificación e o equipo de tradución:



Nota: É importante definir a fórmula de plurais para o galego como no exemplo. A información sobre a codificación é prescindíbel. Os campos máis importantes para a definición da cabeceira son os tres primeiros da imaxe de exemplo.

A aplicación define automaticamente outras variábeis, como a data de revisión. Despois de gardar un ficheiro .po aberto no Poedit, a nosa cabeceira pasaría a conter os seguintes datos:

```
"Project-Id-Version: gl\n"
"Report-Msgid-Bugs-To: http://bugzilla.gnome.org/enter_bug.cgi?product=gnome-
desktop&component=general\n"
"POT-Creation-Date: 2008-12-09 18:19+0000\n"
"PO-Revision-Date: 2008-12-16 12:19+0100\n"
"Last-Translator: nome do tradutor/a <tradutor-a@equipo.com>\n"
"Language-Team: nome do equipo <endereço@equipo.net>\n"
"MIME-Version: 1.0\n"
"Content-Type: text/plain; charset=UTF-8\n"
"Content-Transfer-Encoding: 8bit\n"
"Plural-Forms: nplurals=2; plural=(n!=1)\n"
"X-Generator: KBabel 1.11.4\n"
"X-Poedit-Language: Galician\n"
"X-Poedit-Country: SPAIN\n"
"X-Poedit-SourceCharset: utf-8\n"
```

A interacción cos repositorios

A maior parte das aplicacións, sobre todo aquelas que fan parte de proxectos máis grandes, almacénanse en repositorios onde están accesíbeis o código dos programas e os PO. Un repositorio é un lugar onde se poden encontrar as persoas desenvolvedoras e os tradutores/as para seguir un fluxo de traballo conxunto, observando as modificacións que se fan nas aplicacións ou na documentación.

Xeralmente os repositorios¹³ están divididos en "ramas" que separan dentro dun repositorio as diferentes versións dunha ou varias aplicacións (estábel ou en desenvolvemento, por exemplo). A estrutura de cada repositorio ten un modelo de organización diferente e unhas normas de funcionamento propias, polo que convén ler a documentación habitualmente dispoñíbel en liña sobre este asunto.

Para comezar a traducir o máis conveniente é dirixirse ao equipo de localización do idioma escollido (se está dispoñíbel) e contactar coa persoa coordinadora. Seguindo estes pasos poderemos saber que é o que está en disposición de ser traducido e obter as indicacións básicas para iniciar a colaboración. Se o que pretendemos é facer algunha proba para ver como funciona un repositorio, é posíbel descargar os modelos ou os ficheiros .po directamente do repositorio, no modo só de lectura ao que frecuentemente podemos acceder de forma gráfica.

¹³ Para comprender o funcionamento e estrutura dun repositorio recomendamos visitar, por exemplo, a sección KDE Localization en <http://l10n.kde.org/>, ou o Damned Lies de Gnome en <http://l10n.gnome.org>. Podemos encontrar máis información sobre como comezar a traducir na páxina de Trasno <http://www.trasno.net>, que engloba varios proxectos de tradución de Software libre en galego.

O xestor de catálogos

A funcionalidade de xestión de proxectos de localización amplos está presente en moitas das aplicacións especializadas. Esta funcionalidade é imprescindible se pretendemos atinxir un certo número de ficheiros e queremos manter un fluxo máis ou menos constante de traballo en local. A configuración dun proxecto ou catálogo¹⁴ axuda á organización dos materiais e ao seguimento do avance da tradución.

Nas seguintes liñas imos ver un exemplo de configuración do catálogo de tradución no Poedit, traballando sobre unha serie de ficheiros descargados dunha das seccións das ramas do KDE. O obxectivo é reproducirmos a estrutura do repositorio.

Para configurar o noso proxecto seleccionamos un dos directorios do KDE, /Trunk, onde se realiza o desenvolvemento do que será a súa seguinte versión. Dentro deste directorio atendemos ao subcartafol /l10n-kde4, que contén a versión 4.2 do KDE. O último nivel engadido é /docmessages, que contén a tradución de documentación.

Comezamos por crear un cartafol novo, co nome con que designemos o proxecto, onde se van descargar os materiais do repositorio:

```
$ mkdir kde4
```

Descargamos a estrutura do repositorio partindo da localización seleccionada:

```
$ svn co svn://anonsvn.kde.org/home/kde/trunk/l10n-kde4/gl/docmessages/
```


Cando finaliza a descarga temos, dentro do cartafol do proxecto que creamos no paso anterior (kde4), un cartafol co nome docmessages onde dispoñemos de todos os ficheiros .po de tradución de documentación dentro do subcartafol escollido.

O seguinte paso é configurar o catálogo do Poedit para que tome este cartafol como a base para os ficheiros do proxecto:

1. abrimos o *Xestor de catálogos* (menú *Ficheiro*),
2. creamos un proxecto novo e indicamos un nome para recoñecelo,
3. na mesma xanela de edición do proxecto escribimos o camiño ao cartafol que creamos no paso anterior, no noso caso kde4. Podemos explorar a nosa estrutura de directorios para localizar o cartafol que contén o subcartafol /docmessages.

¹⁴ A denominación *catálogo* de tradución é unha denominación técnica referida ao fluxo e organización do traballo de localización. Nalgunhas aplicacións comeza a ser equivalente á de *proxecto*, aínda que se poida apreciar unha certa converxencia de ambos os termos.

Se definimos correctamente o camiño, o Poedit percorrerá este cartafol e os seus subcartafoles para localizar os ficheiros .po que conteña. Esta operación pode demorar máis ou menos tempo en función do número de ficheiros descargados. Ao terminar esta operación, poderemos ver o resultado na xanela do Xestor de catálogos:



Catálogo	Total	Sen traducir	Confusas	Mal Traducidas
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdepimlibs/kioslave_smtp.po	5	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdepimlibs/kioslave_nntp.po	10	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdepimlibs/kioslave_ldap.po	7	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdepimlibs/kioslave_imap.po	7	2	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdepimlibs/kioslave_pop3.po	5	2	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_troubleshooting-network-x.po	11	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_your-kde-account.po	6	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/kioslave_gzip.po	8	0	1	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_glossary.po	2	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_kde-as-root.po	10	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_playing-movies.po	3	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/faq_about.po	8	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_pdf-files.po	3	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/kioslave_bzip2.po	9	2	2	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_troubleshooting-no-open.po	8	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/kioslave_cgi.po	5	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/kioslave_info.po	10	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_where-next.po	3	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/kioslave_man.po	20	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/kioslave_floppy.po	11	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/khelpcenter.po	11	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_printing-from-apps.po	3	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_migrator-dictionary.po	2	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_internet-shortcuts.po	12	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/faq_configkde.po	41	40	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/kioslave_smb.po	12	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/userguide_creating-graphics.po	2	0	0	0
/home/usuarios/kde4/docmessages/kdebase-runtime/faq_contrib.po	30	29	0	0

Esta xanela fornece a seguinte información:

- ficheiros incluídos no proxecto,
- estado individual dos ficheiros (verde se está traducido completamente, amarelo se contén cadeas sen traducir e vermello se aínda non ten cadeas traducidas),
- número total de cadeas e número de cadeas nun dos estados posíbeis (traducido, sen traducir, dubidoso ou traducido incorrectamente).

Nota: Podemos abrir directamente calquera dos ficheiros incluídos no proxecto premendo sobre o nome.

Verificación da tradución

Unha vez finalizada unha tradución é preciso verificar que todo funciona correctamente, antes de enviarlle a tradución a unha persoa coordinadora ou subila a un repositorio.

En GNU/Linux pódense facer as seguintes comprobacións básicas mediante a consola:

```
$ msgfmt -c /dev/null gnome-desktop.HEAD.gl.po
```

que informa dos posíbeis de erros que é necesario corrixir para que o ficheiro .po compile,
e

```
$msgfmt --statistics -v -o /dev/null gnome-desktop.HEAD.gl.po
```

para verificar que todas as cadeas estean traducidas.

Para probar as nosas traducións antes de envialas para outras persoas, podemos ter que copialas dentro do cartafol de idiomas dunha aplicación determinada, xeralmente identificada co nome locale, ou ben compilar o PO como MO e copialo dentro dunha estrutura de directorios que segue esta convención: locale/código_de_idioma/LC_MESSAGES. Para xerar un ficheiro MO podemos utilizar o comando msgfmt do Gettext. O Poedit contempla dentro das opcións de configuración a posibilidade de gardar unha tradución nos formatos PO e MO simultaneamente.

Os correctores ortográficos nos aplicativos

Existen aplicacións con funcionalidades de verificacións sintáctica, de atallos etc. máis avanzadas. O KBabel conta neste momento co mellor conxunto de utilidades para esta tarefa.

A corrección ortográfica en galego para os aplicativos de localización é até o de agora unha das cuestións pendentes. O dicionario de corrección ortográfica na norma actualizada (2003) só está dispoñíbel en tecnoloxía de Hunspell¹⁵. Porén, as aplicacións que integran a verificación ortográfica non son aínda capaces de manexar o motor Hunspell. As excepcións a isto son o OmegaT e o WordForge Editor.

15 Correctores ortográficos:

* wgalician-minimos: "Wordlist for Galician (minimos)" ten unha lista de palabras de máis de 6 MB e ten máis de medio millón de palabras.

* icalician-minimos: "Ispell dictionary for Galician (minimos)" recomenda instalar o paquete anterior

* aspell-gl-minimos: "Aspell dictionary for Galician (minimos)" non depende de ningún outro paquete con recursos para o galego.

* myspell-gl-es: "Galician dictionary for myspell" que parece que xa non é da normativa de mínimos, e é o que usan o Openoffice e mais Firefox (iceweasel) e Thunderbird (Icedove).

Os tres primeiros foron resultado do traballo de André Ventas e Ramón Floresl. Vaise crear "hunspell-gl".

<http://packages.debian.org/sid/wgalician-minimos>


<http://packages.debian.org/sid/icalician-minimos>

<http://packages.debian.org/sid/aspell-gl-minimos>



<http://packages.debian.org/sid/myspell-gl-es>

Como o OmegaT está máis orientado para a tradución de documentación e resulta menos compatíbel coa tecnoloxía Gettext, imos ver como utilizar a corrección ortográfica en galego no WordForge Editor¹⁶.


A lista de dicionarios dispoñíbeis está en *Settings > Preferences*:



Pódese incorporar un novo dicionario se está no formato .aff, .dic ou ben comprimido .zip/.tar.gz.

Unha vez engadido o dicionario, pódese iniciar a verificación ortográfica a través das iconas da aplicación:  e . Se activamos a verificación automática, a aplicación vai subliñando os erros que conteñen os segmentos da lingua meta:

¹⁶ No plano de desenvolvemento do WordForge Editor está prevista futura capacidade de manexar os estándares LISA tratados nas páxinas anteriores, así como a busca sobre dicionarios en liña.



Cómpre ter sempre en conta a diferenza que existe entre unha “terminoloxía” e unha “memoria de tradución” segundo os promotores dos estándares LISA: unha terminoloxía é “como deben ser as palabras”, prescrición, e a memoria de tradución é “como son” na práctica, descrición.

Ferramentas lingüísticas en Mancomun

(http://wiki.mancomun.org/index.php/Portada#Ferramentas_lingüísticas)

- Glosario de termos tecnolóxicos de Mancomun(<http://wiki.mancomun.org/index.php/Glosario>)
- Dicionario CLUVI inglés-galego, 2ª edición (<http://sli.uvigo.es/CLIG/clig.html>)
- Dicionario Técnico Inglés-Galego de Trasno (<http://www.trasno.net/trasno:glosario>)
- Open-Tran.eu. Glosarios e suxestións de tradución
 - <http://open-tran.eu/>
 - <http://en.gl.open-tran.eu/suggest/language>
- Páxina de SUN sobre ferramentas de localización. Inclúe ligazóns de glosarios e guías de estilo.
 - <http://developers.sun.com/global/technology/translation/translation-tools.htm>
 - <https://g11nportal.sun.com/sungloss/login.jsp> (é necesario o rexistro)
- Dictionary Server Protocol (DICT). Inclúe varios dicionarios de definición de termos en

inglés e dicionarios bilingües Freedict en diversos idiomas (<http://www.dict.org>)

• Para saber máis sobre i18n e L10n:

- [http://pt.wikipedia.org/wiki/Internacionaliza%C3%A7%C3%A3o_\(software\)](http://pt.wikipedia.org/wiki/Internacionaliza%C3%A7%C3%A3o_(software))
- <http://www.debian.org/doc/manuals/intro-i18n/>
- <http://www.w3.org/International/questions/qa-i18n>
- <http://www.i18nguy.com/origini18n.html>

• Os proxectos de tradución de KDE e Gnome:

- Localización do Gnome a galego (<http://l10n.gnome.org/languages/gl/>)
- Equipo de tradución ao galego de KDE (<http://l10n.kde.org/team-infos.php?teamcode=gl>)
- KDE Internationalization Home (<http://i18n.kde.org>)
- The KDE Translation HOWTO (<http://i18n.kde.org/translation-howto/>)
- The GNOME Translation Project (<http://developer.gnome.org/projects/gtp/>)
- Localizing GNOME Applications (<http://developer.gnome.org/projects/gtp/l10n-guide/>)
- How to Use GNOME CVS as a Translator
(<http://developer.gnome.org/doc/tutorials/gnome-i18n/translator.html>)

Tradución con tecnoloxía Gettext

(<http://www.gnu.org/software/gettext/manual/gettext.html>)

OpenTag. Tecnoloxías utilizadas na localización de software. Axuda en liña e documentación (<http://www.opentag.com>)

Translate Toolkit & Pootle. Recursos para a localización (<http://translate.sourceforge.net/wiki/l10n/resources>)

Argumentos

Algunhas cadeas de texto que debemos traducir poden conter argumentos variábeis, que aparecen como %1, %2, etc. Nas nosas traducións deberemos preservar estes argumentos, mais podemos cambiar a orde en que aparecen de acordo coas nosas necesidades idiomáticas.

```
%1 characters found
%1 caracteres encontrados
```

Teclas e combinacións de acceso rápido

Os atallos de teclado están marcados cun símbolo & diante da tecla correspondente. Por exemplo:

```
&File
```

Recoméndase conservar a mesma tecla de acceso rápido que aparece na mensaxe en inglés, aínda que isto non é sempre posíbel. Por exemplo, o caso anterior traduciríase como:

&Ficheiro

Ningunha cadea debería conter dúas marcas de acceso rápido. De telas, trataríase dun erro e habería que avisar os desenvolvedores do programa.

En inglés adoita ser frecuente o uso do símbolo & para encadear palabras. En tal caso aparecerá duplicado e non se tomará como un acceso rápido de teclado. Por exemplo:

```
&Close && Quit
```

```
&Pechar e saír
```

Información de contexto

Durante a tradución atopamos algunhas mensaxes que conteñen información de contexto. Esta información de contexto móstrase de dúas formas diferentes, por exemplo en KBabel, segundo esteamos traducindo para unha ou outra versión de KDE:

KDE 3.x:

As mensaxes que comezan por `_`: conteñen un comentario realizado polo autor do programa para proporcionarlles información de contexto aos tradutores. Non se debe traducir a porción da cadea comprendida entre `_`: e `\n`, ambos incluídos.

Por exemplo, a cadea:

```
_: to view something\n
&View
&Ver
```

En **KDE 4**, a información de contexto xa non necesita un marcador especial. En lugar diso, dispón dunha etiqueta especial (`msgctxt`) para incluír comentarios dos desenvolvedores, como se mostra no seguinte fragmento de arquivo PO:

```
#: ark_part.cpp:143
msgctxt "to view something"
msgid "&View"
msgstr "&Ver"
```

Formas plurais

Algunhas mensaxes conteñen formas plurais que se mostran alternativamente segundo o valor dun dos seus parámetros. En galego temos dúas formas de número: unha para o singular (cando o parámetro vale 1) e outra para o plural (cando o parámetro é distinto de 1).

Do mesmo modo que para a información de contexto, as formas plurais funcionan de forma distinta segundo a versión de KDE para a que esteamos a traducir:

KDE 3.x:

Non deberemos traducir a porción de cadea que contén información sobre formas plurais, e que comeza por `_n:` e termina por `\n`, ambos incluídos. Adicionalmente, deberemos introducir tantas cadeas como formas de plural teña o noso idioma (2 para el caso del español) separadas por `\n`.

Por exemplo, a cadea:

```
_n: %n file\n
%n files

%n ficheiro\n
%n ficheiros
```

KDE 4.x:

En KDE 4.x tampouco é necesario un marcador especial para identificar as formas plurais. No seu lugar, dispónse dunha etiqueta especial (`msgid_plural`) para marcalas, e de tantas etiquetas `msgstr` como sexan necesarias. O seguinte fragmento de ficheiro PO é un exemplo:

```
#: arkwidget.cpp:202
#, qt-format
msgid "%1 file %2"
msgid_plural "%1 files %2"
msgstr[0] "%1 archivo %2"
msgstr[1] "%1 archivos %2"
```

Títulos de crédito

Para incluír o noso nome e o noso enderezo correo electrónico nos títulos de crédito que se mostran ao visualizar o diálogo acerca da aplicación, deberemos procurar a cadea que contén o comentario `_: NAME OF TRANSLATORS\n`.

```
_: NAME OF TRANSLATORS\n
Your names > O meu nome e apelidos
```

A cadea que contén o comentario `_:` EMAIL OF TRANSLATORS\n, debe encherse co noso enderezo de correo electrónico.

`_:` EMAIL OF TRANSLATORS\n
Your emails > micorreo@midominio.com

Tanto nun coma noutro caso, se xa houber un ou máis nomes ou enderezos de correo por ter sido traducido o ficheiro con anterioridade por outra persoa, non modificaremos os xa existentes, e limitarémonos a engadir o noso nome e o noso enderezo de correo ao principio, separándoos deles mediante unha coma e sen ningún espazo adicional entre os distintos nomes.

Nome1 Apelido1, Nome2 Apelido2

Ou, no caso dos enderezos de:

email1@dominio1.com,email2@dominio2.com

Comprobacións da tradución

Tras terminar de traducir un aplicativo deberemos comprobar que é correcta antes de enviála ao coordinador do noso equipo.

Son varias as comprobacións que deberemos realizar, moitas pódense realizar desde os aplicativos (ex. Babel):

- A primeira e tal vez a máis importante é a comprobación ortográfica. Levarémolas a cabo utilizando as distintas opcións que hai no menú Ferramentas | Ortografía.
- A seguinte é a comprobación sintáctica. Podémola realizar usando a opción Ferramentas | Validación | Comprobación de sintaxe.
- Tamén deberemos comprobar o uso correcto de etiquetas mediante a opción Ferramentas | Validación | Comprobación de etiquetas.
- O uso correcto das formas plurais tamén debe ser comprobado, neste caso usando a opción do menú Ferramentas | Validación | Comprobación de formas plurais.
- Outra cousa que hai que comprobar é o uso correcto de argumentos, para o que usaremos a opción Ferramentas | Validación | Comprobación de argumentos.
- As teclas rápidas pódense comprobar usando a opción Ferramentas | Validación | Comprobación de teclas rápidas./>
- Existen máis comprobacións que se poden realizar sobre o noso traballo, todas elas baixo a opción de menú Ferramentas | Validación. Como norma xeral, cantas máis comprobacións pasen as nosas traducións, mellor.

Hai que ter en conta que non deberemos enviar o noso traballo ao coordinador cando algunha destas

comprobacións nos informe de que existen erros nel.

Errores en comprobación sintáctica de KBabel para KDE 4.x

Na actualidade existe un problema na forma en que KBabel realiza a verificación da sintaxe dos ficheiros PO de KDE 4.x que pode informar dun problema nos ficheiros cando realmente non existe ningún. Isto débese a que KBabel usa o parámetro -c co comando msgfmt.

Se nos ocorre isto con certos ficheiros PO de KDE 4.x e queremos asegurarnos de que a súa sintaxe é correcta, podemos usar o seguinte comando nunha xanela da consola:

```
msgfmt --statistics -v -o /dev/null arquivo.po
```

Búsqueda de conflitos en teclas rápidas

Se dispoñemos dos aplicativos traducidos instaladas no noso sistema, é posíbel activar unha característica de KDE que nos permitirá encontrar os conflitos de teclas rápidas.

Para iso, deberemos localizar e editar o ficheiro `/home/usuario/.kde/share/config/kdeglobals`, onde buscaremos unha sección denominada [Development]. De non existir, engadímola ao final. Nesta sección (debaixo da liña engadida), escribiremos:

```
CheckAccelerators=F12
```

Utilizouse a tecla F12 a título de exemplo. Deste modo, tras iniciar calquera programa de KDE, ao premer a tecla F12 mostrarase unha lista con todos os conflitos de teclas rápidas que se detecten. Así funciona Dr. Klash. Deberíamos corrixir todos estes conflitos.

Etiquetas

Algunhas frases poden conter etiquetas especiais para marcar un texto. Como norma xeral, estas etiquetas débense conservar na nosa tradución:

```
The file <%1> already exists.  
O ficheiro <%1> xa existe.
```

Como excepción, o par de etiquetas `<quote>` e `</quote>` pódese substituír polas comas latinas (`<<>`). Outra excepción son as opcións encerradas entre chaves angulares que non son realmente etiquetas, como:

```
<none>  
<ningun>
```

Uso de coma


Cando desexemos utilizar o carácter de comas dobres ("), deberemos escribilo mediante unha secuencia de escape (\"). Doutro modo, a cadea que as inclúe quedaría mal traducida. Por exemplo:

```
A file named \"%1\" already exists.  
Are you sure you want to overwrite it?
```

De calquera modo, en español deberían utilizarse preferentemente as comas latinas («»), que se obteñen mediante as combinacións de teclas AltGr+Z e AltGr+X, respectivamente. As comas latinas nunca deberán usarse dentro dunha etiqueta. Por exemplo:

```
<p>This is \"the <a href=\"http://www.kde.org/\">KDE homepage</a>\".</p>  
<p>Esta é «la <a href=\"http://www.kde.org/\">páxina de KDE</a>».</p>
```

Metodoloxía



Creative Commons Attribution-Noncommercial-Share Alike 3.0 Unported License

Modelo de localización baseado en reutilización de memorias de tradución, uso de recursos lingüísticos que garantan a consistencia e adopción de estándares LISA. Susana Sotelo Docío, (CC-BY-NC-SA)

5A, 6°C
ostela,
pe/ES)
199 113

Modelo de localización:

Empregaremos o modelo, centrado na implantación dos estándares LISA. Neste modelo o axente tradutor realiza a revisión e/ou tradución segundo o caso, coordínase coa comunidade de localización do proxecto que se quere localizar para asegurar a integración da tradución no repositorio canónico.

Un tradutor pode comezar a informarse a partir de aquí.

http://wiki.mancomun.org/index.php/Censo_G11n

Terminoloxía:

Derívanse os contidos deste apartado ao Anexo “Terminoloxía e glosario” que é complementario a este Manual de localización.

Recursos

Para facilitar o traballo de localización, presentamos agora algúns dos recursos accesíbeis na rede.

Recursos textuais. Os córpora.

Os córpora poden ser aproveitados como un recurso útil para a fixación terminolóxica, como tamén para a observación dos estilos de tradución. O seu uso pode beneficiar a coherencia lingüística do software ou dos manuais que se vaian traducir.

Un corpus multilingüe traballa sobre a base dun ou varios textos aliñados, de maneira que se poida facer unha busca na lingua orixe ou na destino para observar as coincidencias no seu contexto orixinal.

Hai **662** termos coincidentes con esa expresión

[Volver ao buscador](#)

Cadea buscada: **folder**

Fonte	Inglés	Galego
gl_ES.po	"Missing a temporary folder ."	"Falta un cartafol temporal."
	"This importer will search for files 00000001.cgi to 000-whatever.cgi. so you need to enter the number of the last GM post here. (if you don't know that number, just log into your FTP and look it out in the entries" folder)"	"Este importador buscará os ficheiros 00000001.cgi a 000-whatever.cgi. polo que precisa escribir o número do artigo de GM aquí. (se non coñeces este número, rexístrate no seu FTP e búscalo. no cartafol de entradas)"
	"Store uploads in this folder "	"Almacenar os ficheiros subidos neste cartafol"
	"Organize my uploads into month- and year-based folders "	"Organizar os ficheiros subidos en cartafolos baseados en meses e anos"
	"You can find additional themes for your site in the WordPress theme directory. To install a theme you generally just need to upload the theme folder into your <code>wp-content/themes</code> directory. Once a theme is uploaded, you should see it on this page."	"Pode encontrar temas adicionais para o seu sitio en Temas do WordPress. Para instalar un tema xeralmente só precisa subir o seu cartafol a <code>wp-content/themes</code> Unha vez subido, deberíase velo nesta páxina."
gimp-python.HEAD.po	"Python-Fu folder Selection"	"Selección de cartafol de Python-Fu"
	"Separate image folder "	"Cartafol de imaxes separado"
	" Folder for image export"	"Cartafol para exportar imaxes"
gimp.HEAD.po	"Creating folder '%s'..."	"Creando cartafol '%s'..."
	"Cannot create folder '%s': %s"	"Non é posible crear o cartafol '%s': %s"
	"You don't have a writable data folder configured."	"Non ten un cartafol configura para escrita."
	" Folder "	"Cartafol"
	" Folders "	"Cartafolos"
	"Temporary folder :"	"Cartafol temporal:"
	"Select folder for Temporary Files"	"Seleccionar cartafol de ficheiros temporais"

1 2 3 4 45

Arriba

No campo do software, os principais recursos dispoñíbeis para o galego son:

- Corpus de Mancomun (http://corpus.mancomun.org/xestermos.php)
- CTG, Corpus Técnico o Galego, que mantén o Seminario de Lingüística Informática de Vigo (http://sli.uvigo.es): o Corpus Técnico do galego (http://sli.uvigo.es/CTG/) conta cun ámbito de informática, e o Corpus LOGALIZA de localización de software inglés-galego (http://sli.uvigo.es/CLUVI/#logaliza).
- Open-tran.eu (http://www.open-tran.eu/ que é un corpus de traducións moi amplo e de acceso libre da iniciativa de [Jacek Śliwowski](#))

A comunidade e os equipos de localización

A localización dun contorno de escritorio ou das múltiples aplicacións que se poden integrar nun sistema operativo é unha tarefa demorada e que esixe certos recursos. Habitualmente, no ámbito do SwL, as persoas usuarias e programadoras entran a colaborar no desenvolvemento dos sistemas ou software aplicativo a través de plataformas organizadas na rede. A tradución de manuais ou a localización de software son maneiras posibles de colaborar con estas comunidades.

No caso galego, unha persoa que se queira introducir ou pasar a colaborar na localización de software, ten, na altura de redactar esta versión do Manual, á súa disposición recursos como o **Proxecto Trasno** (<http://www.trasno.net/trasno:inicio>), que se define como unha comunidade de grupos e proxectos de tradución de software libre ao galego; o TraduCIF (<http://www.ciberirmandade.org/traduCIF/main.php>) da **Ciberirmandade da Fala**, baseado no Entrans onde é posíbel colaborar coa comunidade traducindo diversos proxectos ao galego. Tamén resulta importante o **Ubuntu Galician Translators** (<https://launchpad.net/~ubuntu-l10n-gl>).

Outros recursos na rede¹⁷

17 Extraído deste fio <http://www.lisa.org/sigs/phpBB/viewtopic.php?topic=22&forum=1&4> que xa non está dispoñíbel, e por iso se transcribe :” Kara Warburton:

There are many differences between Terminology and Translation Memory. The first that comes to mind is that terminology management must occur in the source language to ensure high quality source texts before a translation memory even exists. Inconsistency and inappropriate terms in the source language is an increasing and costly problem especially for global companies. And if the inconsistency is unchecked, then it breaks the TM there will be no match with previous texts which are "supposed" to be the same. A second difference is that terminology management can document features of words in a much more granular fashion than translation memory which only records strings of text. Definitions, contexts, usage notes, references to related terms, and so forth can assist translators to select an appropriate target term when the TM does not suggest one. And if there is an exact TM match, what if the meaning is different which can frequently occur)? Then the TM match is incorrect and the translator has to think more carefully about the terms. In this case, having a terminology system can provide the translator with the required information to correct the TM. In addition, grammatical information can be recorded which can provide data to more advanced systems down the road, such as search engines and machine translation engines.

Ingrid Haussteiner o confirma:

I think your question is very interesting and I think from a translator's perspective this is not an either-or thing but rather a question of many ifs.

If you can choose, I would implement a terminology management system first, have people test and hone their discipline and raise their awareness of the difficulties involved in using consistent terminology (even more so if it is multilingual), analyzing choices and making suggestions (descriptive terminology work).

If you implement a translation memory system after some time, you might see that people slack off a bit as far as terminology work is concerned. The big argument is that the TM system integrates with the TMS.

You most certainly know that EBMT (Example-Based Machine Translation) seems to be one of the buzzwords in the industry. Some translation software already support something like "assembling", others are keen to do so. So, in the future, when working with TM technology, it will be an invaluable asset to have quality terminology as the TM also assembles from there where it finds no exact or fuzzy matches.

Mark D. Childress remacha:

I've heard this discussion at a conference or two recently. It seems to me all terminologists shudder at the thought but some have problems communicating why the sole use of translation memories is Not A Good Thing, whereas their use together with term databases is.

The simplest way to explain to those people not familiar with either, but who make the decisions whether to support terminology management or not:

- ◆ Translation memory: Descriptive The way things are
- ◆ Terminology database: Prescriptive The way things should be Then ask them: Should one use a term that is (potentially) incorrect, simply because that's the way it is? Because if that's so, a term use error continues to multiply because there's no prescriptive ruling to use as a reference to standardize the term. As Kara mentioned in her

Cómpre ter sempre en conta a diferenza que existe entre unha “terminoloxía” e unha “memoria de tradución” segundo os promotores dos estándares LISA: unha terminoloxía é “como deben ser as palabras”, prescrición, e a memoria de tradución é “como son” na práctica, descrición.

Ferramentas lingüísticas

(http://wiki.mancomun.org/index.php/Portada#Ferramentas_lingüísticas)

- Glosario de termos tecnolóxicos de Mancomun
(<http://wiki.mancomun.org/index.php/Glosario>)
- Diccionario CLUVI inglés-galego, 2ª edición (<http://sli.uvigo.es/CLIG/clig.html>)
- Diccionario Técnico Inglés-Galego de Trasnó (<http://www.trasnó.net/trasnó:glosario>)
- Open-Tran.eu. Glosarios e suxestións de tradución
 - <http://open-tran.eu/>
 - <http://en.gl.open-tran.eu/suggest/language>
- Páxina de SUN sobre ferramentas de localización. Inclúe ligazóns de glosarios e guías de estilo.
 - <http://developers.sun.com/global/technology/translation/translation-tools.htm>
 - <https://g1nportal.sun.com/sungloss/login.jsp> (é necesario o rexistro)
- Dictionary Server Protocol (DICT). Inclúe varios dicionarios de definición de termos en inglés e dicionarios bilingües Freedict en diversos idiomas (<http://www.dict.org>)
- Para saber máis sobre i18n e L10n:
 - [http://pt.wikipedia.org/wiki/Internacionaliza%C3%A7%C3%A3o_\(software\)](http://pt.wikipedia.org/wiki/Internacionaliza%C3%A7%C3%A3o_(software))
 - <http://www.debian.org/doc/manuals/intro-i18n/>
 - <http://www.w3.org/International/questions/qa-i18n>
 - <http://www.i18nguy.com/origini18n.html>
- Os proxectos de tradución de KDE e Gnome:
 - Localización do Gnome a galego (<http://l10n.gnome.org/languages/gl/>)
 - Equipo de tradución ao galego de KDE (<http://l10n.kde.org/team-infos.php?teamcode=gl>)
 - KDE Internationalization Home (<http://i18n.kde.org>)
 - The KDE Translation HOWTO (<http://i18n.kde.org/translation-howto/>)
 - The GNOME Translation Project (<http://developer.gnome.org/projects/gtp/>)
 - Localizing GNOME Applications (<http://developer.gnome.org/projects/gtp/l10n-guide/>)
 - How to Use GNOME CVS as a Translator (<http://developer.gnome.org/doc/tutorials/gnome-i18n/translator.html>)

post, it will ultimately make the translation memory useless.

Alternately, one can correct the problem each time it appears in "reality" and count the cost of correction, whereas defining the "ideal" goes a long way towards reducing the occurrence of the problem to begin with. Basic quality rule: Get it right the first time, and reduce your follow-on costs. ”

Sobre o Gettext

(<http://www.gnu.org/software/gettext/manual/gettext.html>)

OpenTag. Tecnoloxías utilizadas na localización de software. Axuda en liña e documentación (<http://www.opentag.com>)

Translate Toolkit & Pootle. Recursos para a localización (<http://translate.sourceforge.net/wiki/l10n/resources>)

CRITERIOS LINGÜÍSTICOS

Introdución

Trataranse tanto criterios de representación e organización do texto (ortotipográficos) como os gramaticais (morfoloxía e sintaxe), que inclúen as escollos ou preferencias sobre as opcións normativas como as pautas de estilo. Algunhas destas pautas están condicionadas non por aspectos lingüísticos senón pragmáticos, como pode ser o tamaño do contedor para o texto, especialmente nas interfaces de usuarios. Mención á parte merece o tratamento lexicográfico e terminolóxico que se tratará na sección correspondente..

Localización de software para galego

Este manual de localización pretende ofrecer unha proposta lingüística relacionada coa tradución de software que lle permita obter un resultado con calidade, isto é con consistencia terminolóxica e estilística e facer un uso correcto das regras gramaticais, sintácticas e de puntuación.

Por iso os criterios e as propostas de estilo non só se refiren á como encontrar equivalentes do inglés para o galego, fundamentalmente, senón tamén como debe ser o resultado, a forma do galego como destino. Alén do aspecto fundamental que é o aseguramento da comprensión, cómpre aplicar os convenios da estilística galega como aspiración de calidade¹⁸.

18 A estilística galega desenvolveuse en grande medida a partir da necesidade de fixar formas “impersoais” pero non “despersonalizadas” durante os últimos 20 anos nos usos administrativos e xornalísticos, porque a lingua correcta non só é ortografía e gramática senón tamén estilística e adecuación ao rexistro.

Para iso partimos das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (NOMIG2003) vixentes, que serán o marco de corrección e referente en todos os aspectos gramaticais e ortográficos. As Normas son en si mesmas unha elección dentro do galego xeral, na que se aplicaron uns criterios de escolla entre alternativas que cómpre coñecer:

- Etimoloxía
- Difusión na lingua común (tanto territorial como demograficamente) como criterio de achegamento á lingua oral
- Pragmatismo que lle permita ao usuario distinguir o que é preciso distinguir
- Coherencia dentro do sistema das linguas románicas, especialmente co do portugués.
- Tradición na escrita literaria galega dende os séculos escuros ou na época medieval
- Analoxía ou evolución esperábel dentro do galego segundo as leis de fonética histórica ou da historia da lingua galega en xeral, o que inclúe a aplicación de certas “regularizacións”

No entanto, no aspecto léxico, terminolóxico e no de estilo, as NOMIG2003 non poden cubrir todas as situacións e casos a que o tradutor debe enfrontarse. A Norma galega é fundamentalmente morfolóxica e ortográfica, mentres que na outra lingua oficial de Galiza a prescrición normativa alcanza ao léxico, fonética e sintaxe. A norma galega e bastante flexíbel e permite en moitas máis ocasións a escolla entre alternativas, aínda que tende a privilexiar o criterio etimolóxico.

O tradutor, no caso da lingua galega coma no de calquera outra cando se trata de vocabulario técnico, especializado, encontrará moitas situacións en que necesita aplicar decisións propias: neses casos en que as fontes normativas non dean unha solución completa ou única, o tradutor de software ao galego, rexerese polos catro principios declarados nas NOMIG co fin de que toda a comunidade se poida beneficiar da coherencia que proporciona compartir o mesmo marco de decisións; respecto da terminoloxía e da elección para formas canónicas cando hai varias alternativas, o principio máis directamente relacionado é o cuarto :

4. As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas. Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego. As escollas deben decidirse de acordo cun criterio de coherencia interna, a fin de que o galego común non resulte arbitrario e incongruente.

Cómpre saber que os principios da norma galega teñen unha xerarquización e que ademais deben ser interpretado coas tres directrices de corrección que os acompañan (1. excluír o diferencialismo, 2. excluír o arcaísmo, 3. valorar a achega da lusofonía).

A aplicación deste conxunto de criterios enumerados no cuarto principio das Normas permite que a comunidade galega teña unha maior proximidade coa comunidade portuguesa e brasileira e, ao mesmo tempo, permite dar continuidade ás localizacións xa feitas para o galego. Por tanto, moitas das escollos aquí propostas están xustificadas con base neste principio.

Alén disto, este manual, pretende simplificar o seu contido, de maneira que calquera persoa, mesmo aquela que non teña formación lingüística, poida ver resoltas as súas dúbidas sen ter que enfrontarse con termos lingüísticos difíciles de interpretar. Ademais, procuraremos exemplificar todo o dito, de modo que o tradutor poida ver exemplificacións que o axuden a entender mellor a solución adoptada.

Antes de comezar calquera localización, o tradutor debería ter en conta estes principios básicos:

1. Sempre partiremos da versión orixinal do software que queremos traducir, que como regra xeral será a versión en inglés. Isto non impide que poidamos utilizar como material de consulta, no caso de existiren, as traducións feitas para outros idiomas pero cómpre ter presente que ese procedemento adoita supoñer que a nosa tradución teña un nesgo ou “contaminación” innecesaria doutras linguas que non son a orixinal.
2. Os equipos de localización ideais estarán conformados por grupos interdisciplinarios, isto é, por informáticos, especialistas do campo e lingüistas. Desta forma, será posíbel unha mellor tradución tanto en cuestións técnicas como lingüísticas.
3. É preciso establecer unha dinámica de traballo e cumprila para poder garantir a calidade de todos os programas localizados.

Criterios de estilo

Algunhas técnicas e convencións básicas de tradución e localización

A tradución en xeral e a localización de software en particular requiren unha serie de habilidades persoais que poden ser adquiridas de forma intuitiva ou asimiladas a través da experiencia e do acordo social sobre cando unha tradución resulta máis apropiada.

Traducir non é transcribir. Non debe ser a palabra a unidade de medida. Traducir é, basicamente, encontrar o mellor equivalente comunicativo nun determinado idioma para un enunciado escrito noutro idioma diferente. Para isto existen diversas técnicas, mais a principal consiste en entender o orixinal e expresar a mesma idea utilizando os recursos de que o idioma dispón. Aínda que no caso das traducións técnicas exista certa tendencia á literalidade, cómpre indicar que a excesiva

proximidade ao texto orixinal pode dificultar a lectura da versión traducida. O enunciado resultante ten que ser o máis natural posíbel e respectar as regras gramaticais do idioma de chegada. Por este motivo, é imprescindible revisar as localizacións, pois a cotío ocorre que nas primeiras versións os textos producidos son bastante literais.

Con todo, cando a propia competencia lingüística do tradutor non é suficiente para achar a mellor solución, o coñecemento dalgunhas estratexias de tradución derivadas da experiencia, e convencionais neste sentido, pode tornarse moi útil. Tentaremos expor aquí de forma simple algúns procedementos tradutolóxicos aplicábeis á localización de software.

Cando non hai un equivalente gramatical

En determinados contextos é preciso utilizar unha categoría gramatical diferente na lingua destino. O caso máis habitual é a tradución de elementos verbais do inglés por substantivos en galego:

Importing is carried out according to this standard.
A importación efectúase de acordo con este modelo.

Copying will cancel.
Cancelarase o proceso de copia.

Ás veces é preciso realizar pequenos axustes na estrutura gramatical dunha frase. Isto débese á inexistencia dunha estrutura equivalente á utilizada no idioma de orixe. Un recurso moi recorrente é o uso de frases impersonais para traducir frases persoais do inglés e ten grande utilidade en determinados contextos:

Clicking Reload always shows you the latest version of a page.
Premendo Recargar móstrase a última versión das páxinas.
[Cfr. *Premendo Recargar mostra a última versión das páxinas.]

You should refresh your folder list for this server.
A lista de cartafoles deste servidor debe ser actualizada.
[Cfr. Debe actualizar a lista de cartafoles deste servidor.]

No primeiro dos exemplos anteriores, a estrutura persoal do inglés é traducida en galego como impersonal, pois non admite xerundios ou elementos equivalentes na función de suxeito.

Cando non hai un equivalente comunicativo

Cando non existe unha expresión equivalente á utilizada en inglés é moi difícil manter a literalidade. Nestes casos a atención do tradutor debe fixarse no contexto en que o enunciado inglés é producido para encontrar a expresión que un falante galego usaría. Por exemplo, para traducir as

peticións formais do inglés, excesivamente ostentosas aos ouvidos galegos, é preciso encontrar a expresión máis axeitada:

You may want to check your password.

Verifique o contrasinal.

[Cfr. *É posíbel que desexe verificar o seu contrasinal.]

You must enter an e-mail address before you can choose a digital ID.

Para escoller unha ID dixital, introduza un enderezo de correo electrónico.

[Cfr. *Antes de poder escoller unha ID dixital, debe introducir un enderezo de correo electrónico.]

Cando é preciso reestruturar un enunciado

En xeral o galego utiliza enunciados máis longos que o inglés. Moitas veces dúas frases do inglés equivalen a unha única frase en galego e o tradutor pode vulgar adecuado unilas para conseguir unha redacción máis espontánea. Isto pode ser realizado a través da *coordinación* das dúas frases, a través da utilización de *pronomes relativos*, ou por medio doutros métodos.

The menus are context sensitive. This means that those menu items are available that are relevant to the work currently being carried out.

Os menús son sensíbeis ao contexto, o que significa que as opcións dos menús que están dispoñíbeis son aquelas relevantes para o traballo en execución nese momento.

Tamén pode ser necesario o proceso inverso, isto é, converter un enunciado da versión orixinal en dous na versión traducida.

Remember to create one separate print job for each fax, otherwise, the first recipient will receive all the faxes.

Lembre crear unha tarefa de impresión para cada fax. Evitará así que sexa o primeiro destinatario quen reciba todas as mensaxes de fax.

En calquera caso, sempre se debe ter claro que o inglés e o galego posúen regras de puntuación propias e non sempre equivalentes. Cando é preciso reconstruír un enunciado débense respectar as regras de puntuación correspondentes ao idioma “meta”.

Your signature file is too large. It has been truncated, please make the file smaller.

Truncouse o ficheiro de sinatura porque é demasiado grande. Reduza o seu tamaño.

Cando non se pode manter a mesma orde dos elementos dunha frase

As regras que marcan a orde secuencial dos constituíntes das frases son diferentes en inglés e en galego. Aínda que se trate de regras de moi difícil sistematización, calquera falante nativo é quen de identificar unha secuencia mal ordenada. Para evitar traducións literais estrañas á lingua destino, é preciso ter presente que a orde dos elementos é un factor importante.

An iterative method is used to calculate the internal rate of return.

Para calcular a taxa interna de devolución utilízase un método iterativo.

[Cfr. *Un método iterativo é usado para calcular a taxa interna de devolución.]

This link needs to be opened with an application.

Para abrir esta ligazón precísase dunha aplicación.

[Cfr. *É necesario abrir esta ligazón cunha aplicación.]

A line corresponding to the circle radius appears in the circle.

Aparece no círculo unha liña correspondente ao seu raio.

[Cfr. *Unha liña correspondente ao raio do círculo aparece neste.]

You must place the variable between brackets to create a query.

Para crear consultas coloque a variábel entre corchetes.

[Cfr. *Debe colocar a variábel entre corchetes para crear unha consulta.]

Cando hai elementos lingüisticamente superfluos

A omisión é unha técnica moi utilizada na tradución. Hai elementos que, cando trasladados ao idioma *meta*, se tornan tremendamente redundantes e complican a interpretación do texto. Entre eses elementos podemos destacar os pronomes persoais suxeito, os posesivos e algúns adxectivos e adverbios.

A gramática do inglés esixe a explicitación dos pronomes suxeito e, por tanto, non é redundante a súa repetición. En galego, contrariamente, pódese prescindir deles.

Forms are created based on a database table or database query. They display the data in a visually pleasant fashion and can be used to enter data or edit data.

Os formularios créanse con base nunha táboa ou consulta de base de datos. Presentan os datos dunha forma visualmente atractiva e poden ser utilizados para introducir ou editar datos.

De xeito semellante, moitos dos determinantes posesivos utilizados en inglés son redundantes en galego:

Click to apply your changes.

Prema para aplicar as modificacións.

Repeat the last two steps for each frame in your animation.

Repita os últimos dous pasos de cada un dos marcos da animación.

Así tamén, o contexto pode permitir omitir na tradución moitos adxectivos do inglés que, cando se traducen, fan o texto caótico e denso. En inglés é posíbel utilizar como adxectivo case calquera substantivo. Basta con situalo ao lado doutro substantivo para o cualificar. A estrutura literal en galego resultaría demasiado artificial mais na localización de software adoita ser preciso mantela para evitar situacións de ambigüidade. De aí que aparezan expresións como cabeceira de fila (*row header*) por oposición a cabeceira de columna (*column header*), aínda que a tradución máis axeitada sería simplemente cabeceira. Vexamos algún exemplo de omisión de adxectivos:

If you are in a spreadsheet and the contents of the clipboard are spreadsheet cells, then a different Paste Special dialog appears.

Se ten aberta unha folla de cálculo e o contido do portapapeis son celas, aparece unha caixa de diálogo de Pegado especial diferente.

[Cfr. *Se ten aberta unha folla de cálculo e o contido do portapapeis son celas de folla de cálculo, aparece unha caixa de diálogo de Pegado especial diferente.]

Set game scenario.

Defina un escenario.

[Cfr. *Defina un escenario de xogo.]

Entre os adverbios que se poden omitir destaca *currently*, sobre todo cando aparece nunha frase en que o tempo do verbo é o present continuous:

Leave the game you're currently playing.

Deixar o xogo en que está a participar.

[Cfr. *Deixar o xogo en que está a participar actualmente.]

A fórmula “por favor”, equivalente do inglés *please* é un elemento superfluo en grande parte dos contextos. O uso en inglés de *please* é moitísimo máis recorrente que o do *por favor* en galego. Non é preciso traducilo cando teñen unha función puramente retórica.

Please, select a folder.

Seleccione un cartafol.

Finalmente, é preciso ter en conta o feito de que en inglés a repetición en xeral é considerada elegante, ao contrario do galego, en que as regras estilísticas esixen a utilización de elementos de substitución, como os pronomes entre outros, para evitar a aparición reiterativa dos mesmos elementos. Para aumentar a cohesión dos textos galegos ás veces é preciso desfacer ese tipo de repeticións estilisticamente desaxeitadas.

You can position an anchored item by dragging the item to another location.
Para colocar un elemento ancorado arrástreo até outro lugar.

You can now for example insert a footer for the Default Page Style only, or insert footers to both Page Styles, but with differently formatted page number fields.
Agora pode, por exemplo, inserir un pé de páxina só no estilo de páxina predefinido ou en ambos os estilos, mais con campos numéricos formatados de xeito diferente.

Cando é preciso acrecentar algún elemento

Nas aplicacións informáticas é frecuente encontrar unha linguaxe simplificada en que se observa certa tendencia a resumir ao máximo os enunciados ás veces por motivos de espazo. En ocasións, o mantemento dese tipo de linguaxe simplificada produce frases inadecuadas ao contexto en galego.

Cando non existe o condicionamento do espazo é recomendábel reestruturar a secuencia introducindo os elementos necesarios. Isto é aplicábel, por exemplo, ás preguntas que constan unicamente dun infinitivo ou á omisión dos artigos.

Copy?
Desexa realizar unha copia?
[Cfr. *Copiar?]

Installing extensions...
Instalando as extensións...
[Cfr. *Instalando extensións...]

Cando non hai un equivalente cultural

Durante o proceso de localización é posíbel que xurda nalgún momento a necesidade de encontrar un equivalente para un elemento do texto orixinal que provocaría ruído no texto traducido por diferentes motivos. Pode tratarse de realidades alleas ao contexto cultural da comunidade de destino que teñen que ser reinterpretadas, ou pode tratarse simplemente de elementos para os cales é fácil encontrar unha analogía máis harmónica, como acontece no caso dos nomes propios ou topónimos utilizados como exemplo (vid. sección correspondente).

City / State / Country
Cidade / Provincia / País

James Stewart, Galway
Xacobe Silva Caride, Bande

Cando hai erros no orixinal

O localizador debe aproveitar para realizar melloras na calidade lingüística do produto cando se presenta a oportunidade. Ás veces encóntranse erros de dixitación ou até de redacción na versión orixinal dalguns aplicativos, non só de código aberto. Nestes casos é perfectamente recomendábel reestruturar o texto de xeito que fique máis clara a mensaxe, e recoméndase que quen traduce se poña en contacto con quen desenvolve para suxerirle unha mellora, unha contribución ao proxecto.

Cráterios ortotipográficos

Uso de maiúsculas e minúsculas

Utilízamos as maiúsculas nos seguintes casos:

Na palabra que inicia unha oración

Elimine o ficheiro

Desexa eliminar o ficheiro? Se o elimina é posíbel que non poida recuperalo.

Na primeira letra dun nome propio

Benvido(a) á comunidade Mozilla.

Na primeira letra do nome dos menús, xanelas, caixas de diálogo etc.

Abra a xanela Viñetas con numeración.

Na primeira letra de cada unha das palabras que constitúen os nomes das institucións e organizacións públicas ou privadas

Free Software Foundation

Na primeira letra dos nomes dos programas informáticos, sistemas operativos e linguaxes de programación

Linux; Windows; PHP; XML

Nos nomes das teclas abreviados

MAIÚS; TAB; ALT

Nas siglas

HTML; FTP

Despois de dous puntos cando non se trate dunha enumeración ou explicación

Aviso: Non pode realizar esta operación

Utilizamos minúsculas nos seguintes casos:

Despois de dous puntos cando a seguir teñamos unha enumeración ou explicación

Son posíbeis os seguintes campos: campo de texto, data, hora e moeda, campo numérico e caixa de verificación.

Nos nomes dos días e dos meses do ano

luns, martes, mércores, xoves...; xaneiro, marzo, abril, decembro...

Nos xentilicios e nomes de linguas

galego, portugués, inglés...

Nos nomes xenéricos dos programas informáticos

folia de cálculo; procesador de texto...

Na segunda palabra e sucesivas dos nomes dos menús, caixas de diálogo, separadores etc., a diferenza do inglés en que se escribe con maiúscula a primeira letra de todas as palabras.

Open the Styles and Formatting window

Abra o menú Estilos e formatado

Cando se describe o contido do menú, caixa de diálogo etc. por medio da introdución da preposición de

Abra o menú de estilos e formatado

Abra o menú Estilos e formatado

Puntuación

As persoas que localizan deben ter en conta que o inglés utiliza os signos de puntuación de maneira diferente ao galego. Por tanto, débense seguir as regras de puntuación do idioma para o cal se está a traducir.

O punto

Utilízase o punto nos seguintes casos:

- Para marcar pausas entre enunciados que están ligados. En inglés é frecuente a utilización da vírgula para estes casos. No entanto, debemos traducir tendo en conta as regras de puntuación do galego.

STYLE formats the cell in transparent format for 60 seconds after the document was recalculated or loaded, then the Default format is assigned.

STYLE atribúe o formato transparente á cela durante sesenta segundos despois de recalcular ou cargar o documento. A seguir, aplícase o formato predefinido.

- Despois das abreviaturas
Páx.; núm...
- Os ordinais para non se confundiren cos graos (términos ou de calquera escala):
1.º, 2.º, 3.º
1º, 2º

Non se utiliza o punto:

- Despois das siglas e acrónimos
PDF (non P.D.F.)
- Para separar as unidades de millar nos anos
2008, 1993 (non 2.008)
- Para separar os decimais, caso en que se debe utilizar a vírgula
7,15MB (non 7.15MB)
- Para separar as horas, caso en que se deben utilizar os dous puntos ou, como alternativa, nos textos da axuda ou documentación, un h
9:30 ou 9h30 (non 9.30)

A vírgula

Non se utiliza a vírgula:

- En xeral, antes das conxuncións coordinativas (e, nin, ou...), a diferenza do inglés

Create and edit drawings, flow charts, and logos by using Draw.

Crear e editar debuxos, fluxogramas e logotipos con Draw.

This icon switches the mouse pointer to the select mode, or deactivates this mode.

Esta icona activa ou desactiva o modo selección do apuntador do rato.

- Para separar o suxeito do predicado
The software setup wizard, will help you complete this task.
O asistente de instalación de software axúdao a completar esta tarefa.

Signos de interrogación e exclamación

Os signos de interrogación e exclamación utilízanse unicamente no fin do enunciado correspondente; só poderán aparecer no inicio no caso de que o enunciado poida dar lugar a confusión.

Are you sure you want delete this file?

Ten a certeza de querer eliminar este ficheiro?

En inglés é moi habitual a utilización dos signos de exclamación, mais en galego débense suprimir na maior parte dos casos:

An Unknown error occured!

Houbo un erro descoñecido

Nalgúns contextos, con todo, pódense manter os signos de exclamación:

Congratulations, you won the game!

Parabéns! Gañou o xogo!

Parénteses

Non debe haber espazos entre as parénteses e o texto incluído entre elas.

(100%)

! non (100%)

O punto final debe situarse fóra das parénteses, a non ser que toda a frase estea entre parénteses.

O disco está cheo (100%).

(Está opción non está dispoñíbel.)

Abreviaturas¹⁹

Son reducións da lingua común. Poden ser regulares (collendo as primeiras letras da palabra abreviada), convencionais (derivadas dun uso asentado pero non regular). Cando por razóns de espazo sexa necesario reducir unha tradución farémolo sempre con abreviaturas regulares.

Comportamento:

Terminan por punto.

- convencionais :dta. (dereita), esq. (esquerda), ex. (exemplo), Sr. (señor), avda. (avenida)

- regulares : mét. (método), méteo. (meteoroloxía) xeo. (xeografía)

19 A norma internacional ISO 2384 establece que, se aparecen abreviaturas nun texto, deben ofrecerse os seus equivalentes no idioma da tradución. De non existiren equivalentes, a abreviatura debe explicarse detalladamente a primeira vez que apareza.

Non presentan forma de plural, salvo cando facemos a abreviatura utilizando os elementos do principio e do final da palabra.

os núm., ltdo. > ltdos. (limitado(s))

Conservan a letra maiúscula ou minúscula da letra inicial da palabra.

a. de C.

Manteñen os acentos que xa posuía a palabra sen abreviar.

núm.

De forma excepcional **algunhas abreviaturas poden usar a barra** e non o punto.

c/ r/ t/ x/

Siglas²⁰

Son da lingua común. As siglas son "propiedade" de quen as crea . No caso das que non son frecuentes é recomendábel non traducilas. Cada lingua fai a súa propia tradución de siglas.

Tratamento:

- **Non levan puntos** intermedios ou finais nin espazos intermedios.

WP (WordPress)

- **Non levan acento.**

- **Non teñen forma de plural.** O número márcase mediante os artigos ou outras palabras que as acompañen.

Os URL, os PDF danados, os GGUL, as PEME,...

- **Teñen o mesmo xénero que a primeira palabra** do sintagma.

A ISO (Organización Internacional de Estandarización)

- **Escríbense con maiúscula**, salvo cando se trate da extensión ou tipoloxía dun ficheiro, caso en que se escriben con minúscula despois de punto²¹.

O ficheiro PDF vs. Gardar como .pdf

- Cando se desenvolve unha sigla, utilízanse maiúsculas na primeira letra de todas as palabras no caso de ter correspondencia en galego con nomes propios, senón non, en ningunha, por tratarse dunha explicación.

20 Norma ISO 2384: Os nomes das organizacións débense manter sen tradución, a menos que contén con nomes oficiais en varios idiomas (por exemplo, a Unión Europea ou a Organización Mundial de la Saúde). Se unha organización só ten nome oficial nun idioma, pódese traducir entre parénteses a primeira vez que aparece nun texto. No que respecta ás referencias bibliográficas, os nomes das organizacións débense escribir no idioma orixinal.

21 Trátase dunha opción coherente xa que PDF (file portable document) é unha sigla mentres que <<.pdf>> é simplemente un sinalizador, un símbolo de tipoloxía de obxecto.

CPU > UCP
Central Processing Unit > unidade central de procesamento
FTP > FTP
File Transfer Protocol > protocolo de transferencia de ficheiros
ISO > ISO
Internacional Standardization for Organization > Organización Internacional para a Estandarización

- Cómpre lembrar que algunhas siglas (e algúns acrónimos) estranxeiras pasan á lingua directamente como vocábulos, incluso coa adaptación fonética derivada da súa escrita:

binari digit > BIT > bit

light amplification by simulated emission of radiation > LASER > láser²²

Símbolos

Representan unidades do ámbito científico-técnico. Non varían coas linguas.

Comportamento:

Non levan punto nin barra final.

Hz (hertz); s (segundo); h (hora)

Levan unha barra para marcar a relación con outros símbolos.

r/s (revolucións por segundo), l/m² (litro por metro cadrado)

Usan a mesma forma para o singular e o plural

1h (unha hora); 6h (seis horas)

Escríbense sen espazo entre os seus constituíntes cando resultan da redución de máis dunha palabra.

CV (cabalo de vapor)

Criterios morfosintácticos

Sociolingüísticos

Ámbito morfosintáctico

Neutralización de xénero gramatical

Nas localizacións utilizaremos unha linguaxe neutra en termos de sexo real²³, especialmente cando

22 Aínda que se dixó que as siglas non levan acento, é obvio que cando unha sigla xa é unha palabra común debe acentuarse. O mesmo pasa cos estranxeirismos medio adaptados, hai que acentualos : búfer, hóckey, télex

23 “sexo real” é un termo da lingüística que se relaciona, en contraste, con “xénero gramatical”. Só moi escasamente na lingua o xénero gramatical ten algo que ver co sexo real da referencia extralingüística das palabras. O valor do xénero na gramática da lingua galega (como no caso das demais romances) é o de facilitar a comprensión mediante

nos refiramos de forma directa a persoas, xa que é aí onde residen os clichés sexistas do uso lingüístico. Para iso propomos as seguintes estratexias que o tradutor debe adaptar ao seu proxecto particular:

1.Utilización de substantivos xenéricos ou construcións diferentes

Os desenvolvedores > O equipo de desenvolvemento

Especifique os destinatarios da mensaxe > Especifique a quen vai dirixida a mensaxe.

Dámoslle a benvida

Ao establecer ../Quen estableza esta opción..

Esta estratexia permite non complicar a lectura do texto

2.Introdución de marcas dos dous xéneros

Ora coa forma masculina e feminina completas (en documentación da axuda ou textos extensos), ora engadindo a outra marca de xénero entre parénteses ou con barra inclinada ou construíndo a frase de modo que se obvie a referencia persoal

Os usuarios e usuarias desta aplicación.

Benvido(a) á Axuda

Ámbito lexical

Terminoloxía

O criterio fundamental debe ser o de contribuír a fixar un vocabulario estándar para o galego.

Adaptación e uso de nomes propios e comerciais, formatos de datas, medidas e valores monetarios

Nomes de persoa²⁴

Os nomes de persoa utilizados a modo de exemplo adáptámoslos.

John Smith > Xoán Gómez,

Beth O'Connell > Xiana Bieites

Nomes campos léxicos pechados de internacionalización: toponimia, moedas, linguas, fusos horarios, etc.

Adaptamos conforme á toponimia en galego, cando existir correspondencia.

Consúltese a sección de anexos deste Manual dedicada a listaxe de solucións estándar de

a concordancia entre os verbos e os suxeitos.

²⁴ En galego o uso do artigo diante dun nome propio non é despectivo, aínda que ten un uso coloquial, nunca aceptábel en uso formal. En portugués europeo, úsase mentres que no brasileiro, tampouco.

tradución ou no caso de non atopar solución consúltese:

- 1) A solución en norma ISO;
- 2) Publicacións oficiais²⁵;
- 3) Wikipedia en galego e normas internacionais de transliteración

London > Londres

Kazakhstan > Kazakhistán

mais *Washington* > Washington

É importante lembrar que se considera un castelanismo que non apareza o artigo naqueles topónimos dos que fai parte

**Compatíbel co teclado de Estados Unidos*

Compatíbel co teclado dos Estados Unidos

Nomes de programas e aplicativos

Os nomes dos programas ou produtos con entidade propia (protexidos por algún tipo de licenza), é dicir vistos como produtos con nome propio, non os traducimos, mais preferentemente levarán o artigo determinado.

o OpenOffice, o Inkscape etc.²⁶

Formas de tratamento

Cando o texto se dirixe ao usuario utilizamos sempre a 3ª persoa, de modo que evitaremos reiterar a forma vostede. Se non for posíbel suprimir esta forma, substitúese por usuario(a).

Searches for text formatted with the style that you specify.

Busca o texto formatado co estilo seleccionado polo(a) usuario(a).

Busca o texto formatado co estilo que especifique.

[Cfr. *Busca o texto formatado co estilo especificado por vostede.]

No caso de o programa ou aplicación estar dirixida a nenos e nenas utilízase a 2ª persoa do singular.

Find all matches to win the game.

Para gañares tes que localizar todas as parellas.

25 Sobre toponimia oficial está en elaboración un atlas internacional ao que nos remitimos respecto dos exónimos:
<http://www.crtvg.es/atlas>

26 Confróntese por exemplo a diferenza entre :
viaxa en Audi (tipoloxía) /viaxa no Audi (obxecto)

Gramaticais. Escollas das Normas²⁷

Terminación –bell-ble

Nas localizacións de software ao galego, utilizamos a terminación –bel , menos frecuente na lingua oral, por ser a forma que coincide co portugués en aplicación do cuarto principio. En todo caso, resulta imprescindible que a tradución dun proxecto sexa coherente na escolla realizada.

Preposición até/ata

Ambas as dúas son plenamente correctas, ora ben, até ten un alto valor diferencial e demarca o estilo do galego empregado coa forma máis aliñada da norma culta en portugués. En aplicación do cuarto principio das *Normas*, empregaremos até.

Sufixo -aría/-ería

Utilízase preferentemente o sufixo –aría, tamén é coincidente co portugués.

Adverbios aquí, acá, acó

Cremos conveniente dar unha pauta de estilo para a escolla ou uso destes adverbios co obxectivo de favorecer a consistencia da tradución

As formas con -o teñen un valor de dirección, mentres que as formas con -a téñeno de posición. As formas con -i, son neutras e por tanto non se deben empregar ao mesmo tempo.

Empregaremos sempre as formas con -i . Alternativamente, cando for rendíbel empregaremos combinadas as formas con -o, -a

Aquí/aí/alí debe escollerse o tamaño da tipografía
Envíe para aló a súa mensaxe mentres acá non haxa quen lle responda

Moi e moito

Por razóns de estilo, pode facerse un uso moderado da alternancia entre ambos.

Moi ben, acabou de configurar o programa
Moito ben, acabou de configurar o programa

Tamén e tamén non

Por razóns de estilo, nomeadamente para evitar repeticións, pódese alternar. Úsese con moderación

²⁷ Aínda que calquera das opcións escollidas son correctas. Non é aceptábel mesturalas no mesmo texto.

a risco de que o estilo resulte finalmente pedante

Non hai ficheiros e **tampouco** cartafoles que cumpran os criterios de busca
Non se atopan ficheiros e **tamén non** cartafoles a cumpriren os criterios de procura

Así mesmo

Procuraremos non abusar deste adverbio no seu uso cando temos alternativas igual de correctas e expresivas : *igualmente, do mesmo xeito, do mesmo modo, outrosí, así tamén,*...

Ademais

Procuraremos non repetir demasiado este adverbio, pódese facer un uso alternando con *alén de, ...*
Evitaremos caer no erro frecuente de considerar *asemade* como sinónimo de *ademais*. *Ademais* ten valor sumativo, mentres que *asemade* ten valor de simultaneidade “ao mesmo tempo”.

Mentres e en canto

Faremos un uso alternado

Mentres le o fío RSS non pode enviar mensaxes e **en canto** as imprime non pode editalas

Estruturas comparativas que/ca

Nas estruturas comparativas a forma utilizada é que + artigo determinado.

É menos fiábel que a versión **anterior**.

Máis/menos que/de

Outras veces a comparación expresámola mellor con outra estrutura diferentes

To be valid, the group name should have less than %d characters

O nome de grupo ten que **ter menos de** %d caracteres para ser válido

En todo caso hai que usar de modo restritivo as comparativas sintéticas xa que o galego ten preferencia polas **analíticas**

A **máis pequena** destas pezas é importante / A menor destas pezas é importante

O **máis vello**

Primeira forma do artigo

Utilízase sempre a primeira forma do artigo; nunca a segunda.

:-) Copiar o ficheiro

:-(Copia-lo ficheiro²⁸

Distinción entre demostrativo simple e composto

É recomendábel que se use conscientemente a diferencia entre simples e compostos.

Este programa é simple e **estoutro** é complexo

Así tamén o uso adecuado ao contexto, coloquial, dos compostos baseados nos demostrativos (aquele, un aquel, emporiso, daquela, nestas ou nesas...

A compatibilidade está aquela

Uso da preposición a en contextos dubidosos

a + complemento directo

Cando o complemento directo está explícito non se utiliza a preposición a:

Este programa execútase automaticamente sen notificar o usuario [~sen notificalo]

*Este programa execútase automaticamente sen notificar ao usuario [~sen notificalo]

ir + a + infinitivo

É incorrecto introducir a preposición a na perífrase ir + infinitivo.

Vai realizar unha operación.

*Vai a realizar unha operación.

Supresión de preposicións

O inglés, alén de ter as súas propias preposicións para indicar a dependencia de relación entre un núcleo dos seus adxacentes ou modificadores (*size of video file*, "tamaño do ficheiro de vídeo") tamén se serve da anteposición para indicar esta mesma dependencia (*e-mail adress*, "o enderezo de correo electrónico"), así como do chamado xenitivo saxón (*Xoan's house*, "A casa de Xoán"). En galego, en cambio, esta dependencia sintáctica do complemento do nome, márcase coa preposición <<de>>. Con todo, é moi frecuente achar expresións que na súa tradución ao galego non aparece marcada esta relación sintáctica, quer pola extensión do seu uso, quer por influencia do inglés.

IP adress

28 O uso da primeira forma do artigo vai parello co uso da forma plena na contracción "ao" en lugar de "ó"

! Enderezo IP
Enderezo de IP
Enderezo de protocolo de internet (IP)

FTP server
! Servidor FTP
Servidor de FTP
Servidor de protocolo de transferencia de ficheiros (FTP)

A presenza ou ausencia da preposición non é irrelevante en galego. Non se pode recomendar como normal de estilo a súa supresión xa que o seu uso indica valores diferenciados

O teu pai aínda está en casa / O teu pai aínda está na casa

Outras veces a preposición simplemente é un reforzo expresivo

*Os domingos xantamos coa familia / Aos domingos xantamos coa familia
/Nos domingos xantamos coa familia*

Uso dos pronomes

Cuantificadores ningún, nada e ninguén

Nos contextos negativos é incorrecta a utilización de elementos como algún/algunha, algo, alguén, un/unha, calquera. Teñen que adoptar a forma ningún/ningunha, nada e ninguén, xa que o contrario sería unha tradución literal do inglés que non é correcta en galego.

To not include a page, clear the check box.
Se non desexa incluír ningunha páxina, desmarque a caixa de verificación.
*Se non desexa incluír unha páxina, desmarque a caixa de verificación.

Os pronomes demostrativos invariábeis

Desde a última reforma das normas ortográficas unicamente son válidas as seguintes formas:

isto, iso, aquilo
*esto, *eso, *aquelo

Nós, vós e connosco, convosco... con vostede, consigo

O uso de nós e vós pode alternar con nosoutros/as e vosoutros/as nos casos en que interese marcar o xénero gramatical

Nós sempre o facemos así / Nosoutras sempre o facemos así.
*Non se pode contar **con vós** / Non se pode contar **convosco**
*Sempre xogou **con nós** / Sempre xogou **connosco**

Colocación do pronome na oración

A posición normal do pronome en galego é despois do verbo. Con todo, existen contextos en que debe ser colocado antes. A seguir, de xeito moi simplificado, enuméranse os casos máis frecuentes no ámbito das localizacións:

1. Oracións negativas
Non se encontrou ningún resultado.
2. Oracións subordinadas cos nexos que, cal, quen, canto, onde, como, cando, cuxo, se.
A base de datos cuxo contido se exhibe no formulario...
3. Nas oracións interrogativas cando van anteceditos por un pronome interrogativo.
Onde se encontra a configuración de rexistro?
4. Usos interpolados: moi formais e arcaizantes
Xa ela che comentou o resultado / Xa che ela comentou o resultado
5. Colocación anteverbal cos xerundios: efecto estilístico arcaizante.
Non o facendo así provocará un erro / De non o facer así...

Distinción dos pronomes de acusativo e dativo (lle,o)

- *Esa actualización afectoulle moito / Esa actualización afectouno moito
- *Así que o instale lle deixarán en paz / Así que o instale deixarano en paz
- *Informarlle da licenza do software/informalo da licenza do software

Ás veces pode darse unha escolla (sen que cambie o significado), en tal caso preferiremos sempre as formas de acusativo, por seren máis tradicionais

Avisarao de que debe introducir papel/ Avisaralle de que debe introducir papel

Uso do pronome ambos/as

*Ambos formatos son idénticos
Ambos os formatos son idénticos
Ambos os/e/a dous formatos son idénticos

O artigo cos pronomes persoais e posesivos

Constitúe unha das características diferenciais do galego entre os romances ibéricos que o posesivo vaia acompañado do artigo. Excepcionalmente cando seguen nomes de parentesco, pódense obviar, pero en xeral é obrigado a construción articulada

(gl)*Teu computador está desactualizado / O teu computador está desactualizado
(pt) Seu computador está desactualizado
(es) Su ordenador está desactualizado

Tan importante como a presenza do artigo resulta a colocación na frase. En galego nas oracións con sentido identificativo ou atributivas, o posesivo debe ir anteposto ao substantivo.

Constitúe un castelanismo: *O Gimp é (o) meu compañeiro / O Gimp é compañeiro meu

Outras expresións con pronomes admiten dúas formas en galego mentres que nos idiomas próximos son consideradas construcións vulgares ou demasiado coloquiais

Riuse miña e logo faise tranquilamente / Riuse de min e logo foise tranquilamente
Instaleilles cadanseu OpenOffice / Instaleilles a cada un o seu OpenOffice

O artigo en construcións relativas (PREP + ARTIGO + QUE/CAL)

Preferiremos aínda que ambas son correctas as construcións con artigo por seren máis naturais. Son construcións modernas e tipicamente galegas que marcan o estilo contemporáneo do galego

O ficheiro **no** que se gardou esa información está corrupto
O ficheiro **en** que se gardou esa información está corrupto

Ese foi o programa **co** que aprendín a queimar CD
Ese foi o programa **con** que aprendín a queimar CD

De preferirmos un estilo máis formal, podemos **optar** por “distribuír os usos con QUE e CAL de modo que usariamos o artigo con CAL e sen artigo con QUE

Specify at which position to display the values along the y axis.
Especifica a posición **en que** deben mostrarse os valores ao longo do eixo y.

Especifica a posición **na cal** deben mostrarse os valores ao longo do eixo y.
! Especifica a posición **na que** deben mostrarse os valores ao longo do eixo y.

O cal, a cal. Uso e abuso

Procuraremos non abusar do uso en construcións relativas, pode ser útil nos casos en que a referencia quede confusa pero non empregalo sistematicamente porque é trazo de estilo, xa que supón xeralmente unha transposición de construcións alleas, sexan do inglés sexan do castelán.

Poden aplicarse os seguintes argumentos **os cales** sempre se usan en minúsculas
Poden aplicarse os seguintes argumentos, sempre en minúsculas

O goberno galego desenvolveu certas políticas sociais e a valorización **das cales** foi xeralmente boa

O goberno galego desenvolveu certas políticas sociais e **a súa** valorización foi xeralmente boa

Cuxo, cuxa /que

A construción galega tradicional prescinde do uso de cultismos,

:-(A casa cuxas ventás son verdes
:-\ A casa que ten as ventás verdes
:-) A casa das ventás verdes

Con todo pode ser recomendábel o seu uso cando resulta a solución máis clara e consistente

O programa cuxa biblioteca de interface estiveches a mellorar, sacou unha nova versión

Dito/a

Non se pode empregar só, como pronome, como referente. Cando menos deberá introducirse por un artigo

Chegou á casa. *Dita casa estaba lonxe
Chegou á casa. A dita casa.. /a citada casa/ esta casa/tal casa

Algún/nha en sentido negativo

Constitúe un castelanismo usalo para negación. A dobre negación é un reforzo

*Non se atopou resultado algún na súa procura

Non se atopou resultado **ningún** na súa procura

Adxectivos

Mesmo/a

Non se debe usar como pronome, con valor de referencia (deíctico) xa que non o é, senón un adxectivo.

*O menú deste aplicativo resulta o máis completo do mesmo
O menú deste aplicativo resulta o máis completo deste

O mesmo programa realiza a verificación ortográfica

Gran/grande

Preferimos empregar o adxectivo grande sempre que é posíbel.

Grande programa /gran programa // programa grande
Grande editor de código / *gran editor de código // editor de código grande²⁹

Adxectivos e expresións que indican cantidade ou pluralidade

A precisión non pexa o uso de expresión que acheguen parte da riqueza expresiva do galego, aínda que sempre cómpre ter en conta o contexto e o rexistro de lingua apropiado

Este aplicativo reconece moitos formatos
-(formal) innúmeros, abundantes, abondos
-(coloquial) un mazo de, ben de, formatos a eito, a esgalla, a bute, a cachón, para dar e tomar

Verbos

Pretérito e fórmula Ter+participio

Recoméndase a distinción de significados. A perífrase ter+participio non é en absoluto equivalente ao pretérito perfecto do castelán, polo menos non en calquera caso:

²⁹ É totalmente incorrecto o uso de gran+substantivo que comece con vogal. Por outra banda hai gramáticos que establecen gran+subs. Masculino como obrigatorio, pero é facultativo. Tamén hai quen defende a distinción máis simple entre [gran+vogal] fronte a [grande+consoante]

Fixen a tradución
He hecho la traducción
*Teño feito a tradución

Fixen as traducións (moitas veces)
Teño feitas as traducións
He hecho las traducciones

Fixera a tradución
Había hecho la traducción
Tiña feita a tradución

Antepretérito (cantara) con valor de pospretérito (cantaría)

Pódese facer un uso ocasional, xa que proporciona un estilo tremendamente marcado e un tanto arcaizante.

Se fose compatíbel fora o ideal / Se fose compatíbel sería o ideal

Distinción entre o antepretérito de indicativo (cantara) e o pretérito de subxuntivo (cantase)

Nos textos con sentido condicional ou hipotético é obrigado o uso do subxuntivo, mentres reservamos o indicativo para as referencias ao pasado.

Acabara de facer os cambios cando me editaron de novo o artigo
*Acabase de facer os cambios cando me editaron de novo o artigo

*Se se configuraran as marxes adecuadas non sairía tal mal impreso
Se se configurasen as marxes adecuadas non sairía tal mal impreso

O usuario pediu que se activase a ortografía
*O usuario pediu que se activara a ortografía

*Quen puidera recuperar esa copia de seguridade
Quen puidese recuperar esa copia de seguridade

Uso do futuro de subxuntivo (cantar) e non o presente (cante) en contextos condicionais

Alguns gramáticos consideran que é incorrecto o uso do presente (uso coloquial) en lugar do futuro

de subxuntivo en contextos hipotéticos

*Procederese a gardar o documento cando o usuario escolla a opción Saír
Procederese a gardar o documento cando o usuario escoller a opción Saír

*Segundo vaia cubrindo o formulario activaranse novas opcións
Segundo for cubrindo o formulario activaranse novas opcións

Utilización do infinitivo flexionado

Tanto o inf. conxugado como o fut. de subxuntivo son formas galegas que, con seren infrecuentes na fala, proporcionan precisión e estilo aos textos e ademais son concorrentes co portugués. Desta maneira será unha pauta de estilo empregalas sempre que for posíbel.

A maneira máis doada de establecer unha pauta de uso é fixándose nos contextos preposicionais, quere dicir, cando o infinitivo vai precedido de determinada preposición:

A + INF e tamén con ANTES DE, DESPOIS DE, TRAS,... (valor temporal)
Ao faceres / Antes de faceres...³⁰

PARA + INF (valor final)
Para faceres...

DE + INF (valor condicional)
De faceres...

CON + INF (valor concesivo)
Con faceres...

Frases feitas do tipo CÓMPRE+INF, É PRECISO+INF, É NECESARIO+INF
Cómpre facermos...

Explicado dunha maneira máis gramatical, propomos as seguintes pautas de uso:

1. Cando o verbo da oración principal ten un suxeito diferente ao do verbo en infinitivo.

This feature switches to handout page, where you can scale several slides to fit on one printed page.

Esta funcionalidade permite mudar á páxina do folleto, na cal se poden redimensionar varias diapositivas para se axustaren a unha páxina impresa.

³⁰ En contraste con oracións onde hai unha perífrase, casos nos que nunca se pode usar o INF conxugado : Estamos a facer/*Estamos a facermos

Un pequeno truco sería eliminar o eventual que dunha tradución como [...na cal se poden escalar varias diapositivas] para que se axusten a unha páxina impresa.

O suxeito da frase principal é <<Esta funcionalidade>> e o do infinito <<varias diapositivas>>.

2.No caso de teren o mesmo suxeito, tamén é posíbel a súa utilización se o infinitivo vai antes da oración principal e precedido de preposición.

Antes de iniciaren sesión, os(as) usuarios(as) deben introducir o contrasinal.

Neste exemplo, o suxeito de iniciaren e deben é o mesmo (os(as) usuarios(as)) mais o infinitivo está situado antes da oración principal e vai precedido de preposición.

3.Tamén é posíbel conxugar o infinitivo cando, a pesar de ter o mesmo suxeito que o principal, hai varios complementos interpostos entre ambos.

As persoas que non posúan ningunha conta poderán utilizar unha de convidado para iniciaren sesión.

Futuro do subxuntivo

Utilízase para marcar eventualidade no futuro, isto é, unha acción hipotética, aínda que real. Suxerimos os seguintes parámetros de uso:

Oracións introducidas por *se* e *cando* cuxa frase principal estea en presente ou futuro:

Se o desexar, pode rexistrarse nesta conta. (probábel)
vs. Se o desexase podería rexistrarse nesta conta. (non probábel)
vs. Se o desexa, pódese rexistrar nesta conta

Encrypt if Possible
Cifrar se for posíbel

Once you have registered, enter your user name.
Cando estiver rexistrado(a) introduza o seu nome de usuario(a)
vs. Cando estea rexistrado

Cos pronomes relativos (que, o cal, cuxo...) nun contexto de eventualidade no futuro:

Anexaranse unicamente os datos que non estiveren na lista.

Xerundio

Usos incorrectos habituais

- *Envíoches un ficheiro contendo a presentación... (que contén...)
- *Presentou a versión 1.0 do Monifate en Santiago distribuíndoa na Coruña a partir dese día... (e logo distribuíuna... para logo distribuíla...)

O xerundio non pode ter nin valor especificador nin valor de futuro. O modo subxuntivo é para expresar simultaneidade (no presente ou no pasado), acción en curso ou con valor explicativo

Presentouse cantando

Os programas, sendo cada un para cadansúa necesidade, precisan ser actualizados

Hai outras dúas maneiras de expresar as accións en curso, con valor xerundial. En todo caso o uso destes “xerundios” especiais debe ser moderado xa que son unha marca moi forte de rexistro culto, escrito, ademais de que como xa se explicou, é frecuente na lingua oral o uso incorrecto dos xerundios, tanto na expresión desde a lingua orixinal como na tradución.

Mediante o infinitivo xerundial

Centrándonos no desenvolvemento estaremos máis preto de cohesionarmos o proxecto

A nos centrar no proxecto estaremos máis preto de fortalecermos o proxecto

Mediante o xerundio flexionado

Cómpre lembrarmos que ao igual que o infinitivo nunca pode usarse en perífrases. Non son formas recomendadas, malia seren correctas³¹

Saíndomos do menú recuperamos o foco sobre o texto

*Estamos saíndomos da consola

Principiando a anovación do aplicativo

A principiar a actualización do equipo

Imprimindo o documento

A imprimir o documento

Colocación do pronome nas construcións verbais

31 Son trazos lingüísticos antigos, en certa media arcaizantes e descoñecidos polo falante actual. Só na escrita con certa “calidade” se producen hoxe, polo que consideramos o seu uso pouco concordante na interface de software.

En galego pódese construír a perífrase verbal de varias maneiras en combinación cos pronomes obrigados:

estase a facer / está a facerse / está a **se** facer
estase facendo / está facéndose

Teno que imprimir / Ten que **o** imprimir / Ten que imprimilo

Recoméndase o uso da primeira das opcións, por ser o máis tradicional.

Por suposto no caso de que a frase sexa negativa ou estea condicionada polo uso subordinado o pronome debe preceder:

Non o ten que facer – Penso que o ten que facer
Non se está a facer – Penso que non se está a facer

Ter+de/que

Esta perífrase serve para indicar obriga. Teñen exactamente o mesmo valor de obriga tanto de se construír con DE ou con QUE. Recoméndase a construción con QUE por concordancia co portugués onde TER+QUE se considera un españolismo.

:-) Ten de escoller o formato adecuado
:-(Ten que escoller o formato adecuado

Tradución das formas verbais inglesas

Menús, botóns, caixas de diálogo e separadores

Traducirémolos como infinitivos ou nomes:

Edit > Editar
Insert > Inserir
Format > Formato
Tools > Ferramentas
Select All > Seleccionar todo
Split cells > Dividir celas

Debemos ter precaución para non utilizar traducións diferentes para os elementos de menú ou comandos e os títulos de caixas de diálogo que se abren ao actualalos.

Caixas de verificación

Tanto os títulos das áreas como as caixas de verificación tamén serán nomes ou infinitivos:

Include with document > Incluir no documento
Printing Options > Opcións de impresión
Enable reminder > Activar aviso
Don't show me this dialog again. > Non mostrar de novo esta caixa de diálogo

Estes textos non deben levar punto final, aínda que estea na versión inglesa. As normas de ortografía son particulares de cada idioma (por exemplo en francés é obrigado deixar un espazo antes de <<!>> ou <<?>>)

Listas despregábeis, de combinación, táboas e formularios

Todos os elementos das listas serán traducidos coherentemente, isto é, todos como infinitivos, nomes ou imperativos.

Instrucións e suxestións (tooltips)

Nas instrucións aparecen en caixas de diálogo e solicitan que o usuario realice unha acción, utilizamos o imperativo:

Change settings for the files
Modifique a configuración dos ficheiros

Cando a suxestión é unha frase que describe o que pode facer o usuario ao abrir o elemento convén utilizar o imperativo:

Analyze items with a spreadsheet application.
Analice elementos cunha aplicación de follas de cálculo.

Cando a suxestión describe unha función que se aplica automaticamente utilizamos a 3ª persoa do presente. Neste caso a versión inglesa tamén está en terceira persoa.

Opens the calendar. > Abre o calendario.

Cando a suxestión é o mesmo texto que o elemento a que fai referencia será traducido exactamente igual.

Search > Buscar (botón) > Buscar (tooltip)

Infinitivo, imperativo e futuro

Dado que en inglés infinitivo e imperativo presentan as mesmas formas, o localizador debe discernir en determinados contextos se se encontra perante un tempo verbal ou outro. Por iso, unha forma como use é traducida como infinitivo, no caso de se tratar dunha opción dunha caixa de diálogo, por exemplo, ou ben como imperativo, no caso de se tratar dunha orde.

Use the script to save the existing configuration.
Utilice o script para gardar a configuración. (no sentido de “orde”)
Utilizar o script para gardar a configuración. (no sentido de “opción”)

Paralelamente, no caso do futuro, con frecuencia é preciso traducilo por un presente.

This chapter will describe the procedure to install a server system.

Este capítulo describe os procedementos para a instalación dun sistema servidor.

Tradución dos verbos modais (*can, may, should, ...*)

Nos contextos imperativos (instrucións para o usuario, ordes etc.) pódese evitar o uso de formas verbais do tipo podería, debería, que son formas de cortesía en galego e que tornan o texto pouco comprensíbel. Neses casos utilízase unicamente o imperativo:

You should save data before proceeding to the next step.

Garde os datos antes de continuar co seguinte paso.

[Cfr. Debería gardar os datos antes de continuar co seguinte paso.]

You must delete the index entry from the document.

Elimine a entrada do documento.

[Cfr. Debe eliminar a entrada do documento.]

O verbo *can*, cando inserido na expresión *before you can*, non pode ser traducido de forma literal. Unha posíbel solución é o recurso a unha oración final:

You must save a file before you can apply a digital signature to the file.

Garde o ficheiro para aplicarlle unha sinatura dixital.

As formas verbais do inglés *unable, cannot/can't e could not/couldn't* tradúcense por imposíbel, non é posíbel e non foi posíbel, respectivamente.

The column could not be deleted.

Non foi posíbel eliminar a columna.

This function cannot be completed.

Non é posíbel concluír esta acción.

Unable to insert rows.

Imposíbel inserir filas.

Non se puido inserir as filas

Tradución das formas terminadas en -ing

Formas terminadas en -ing nos títulos

Nos títulos, con especial atención nos textos da axuda, substitúese polo substantivo correspondente:
Using Help window

Utilización da xanela da Axuda

[Cfr. *Utilizando a xanela da axuda]

Uso do xerundio ou de estar a + infinitivo

No seguinte tipo de frases, en lugar do xerundio, utilizamos a estrutura estar a + infinitivo:

Others may be using files in this folder

É posíbel que algúns usuarios estean a utilizar ficheiros deste cartafol

[Cfr. É posíbel que algúns usuarios estean utilizando ficheiros deste cartafol.]

É opción de estilo escoller entre a perífrase con xerundio ou a construción con infinitivo. Porén, nas situacións en que se describen procesos que se están a realizar debemos manter o xerundio:

Printing... > Imprimindo...

*a imprimir

Waiting... > Agardando...

*a agardar

É incorrecto traducir estes xerundios ingleses pola perífrase “a+INF” truncada, é dicir, a construción galega non pode aparecer como verbo único ou principal na oración;

Xoán está a facer cambios no seu PC > Xoán *a facer cambios no seu PC

Nestes caso é importante coñecer cal é o contexto

- título de sección --> Impresión de ficheiros

- caixa de diálogo --> Imprimindo o ficheiro

Usos da pasiva

A estrutura pasiva pódese manter en galego principalmente nos casos en que aparece explicitamente quen executa a acción. Dito doutra maneira: na tradución é importante conservar o “foco” informativo, a orientación ou “sentido” da información. O cambio do modo pasivo ao activo pode supoñer unha perda de claridade.

These links are added automatically by the wizard.

Estas ligazóns son engadidas automaticamente polo asistente.

Outra alternativa e establecer unha redacción alternativa:

O asistente xa engade automaticamente as ligazóns noutros casos substitúese a forma pasiva sen ningún problema por expresións e modos máis frecuentes en galego como:

The file has been saved.

Gardouse o ficheiro.

Tradución das preposicións

Un erro bastante frecuente da tradución de inglés para galego é a tradución literal dalgunhas preposicións. Para evitar isto, débense ter en conta as variacións de significado e uso existentes entre as preposicións inglesas e galegas. Indicamos a seguir algúns exemplos de diverxencia relacionados coa rexencia verbal (preposicións asociadas a verbos):

Select the form that you want to associate with this folder.
Seleccione o formulario que desexa asociar a este cartafol.
[Cfr. *Seleccione o formulario que desexa asociar con este cartafol.]

Connect to private networks
Conectar a³² redes privadas
[Cfr. *Conectar con redes privadas]

Download commands to a printer
Descargar os comandos nunha impresora
[Cfr. *Descargar os comandos a unha impresora]

Overwrite existing cells with new data
Sobreescribir³³ as celas existentes polos novos datos
[Cfr. *Substituír as celas existentes cos novos datos]

Replace with Check Box
Substituír por caixa de verificación
[Cfr. *Substituír con caixa de verificación]

Tradución do determinante a inglés

O determinante a ten un valor indefinido en inglés e, por tanto, na maior parte dos casos equivale a un/unha(s):

A file with this name already exists.
Xa existe un ficheiro con ese nome.

32 Pode ser necesario discutir e conveniar o uso de preposicións nestes casos (conectar a/con)

33 Tanto reescribir como substituír son traducións válidas

Draws an empty rounded square.
Debuxa un cadrado arredondado baleiro.

Nalgúns contextos, porén, o equivalente en galego ao determinante indefinido *a* pode non ser un/unha(s). Entre tales contextos salientan as estruturas comparativas (*as a*), as afirmacións xenéricas e os enunciados negativos:

Nas estruturas comparativas débese eliminar o determinante pois mantelo resultaría nunha tradución literal incorrecta:

Cannot be used as a sort criterion.
Non é posíbel utilizalo como criterio de ordenación.

Inserts a spreadsheet as an OLE object.
Insire unha folla de cálculo como obxecto OLE.

Nas afirmacións xenéricas o determinante indefinido inglés pode ser traducido en galego por un plural:

A file name cannot contain any of the following characters.
Os nomes de ficheiro non poden conter ningún dos caracteres seguintes.

To remove an animation effect from an object:
Para eliminar efectos de animación dos obxectos:

Nos contextos negativos, o determinado indefinido *a* pode equivaler a un cuantificador negativo en galego (ningún/ningunha(s)):

If you do not enter a value, the current time is inserted.
Se non indica ningún valor, introdúcese a hora actual.

A conxunción que cando introduce complementos da oración

*Na linguaxe que foi programado este aplicativo cómpre a redundancia
Na linguaxe en que foi programado este aplicativo cómpre a redundancia

A actualización do software **en/no** que funcionaba o programa empeorou o rendemento

*A actualización do software que funcionaba o programa empeorou o rendemento

Crterios terminolóxicos

A elaboración dun algoritmo terminolóxico tornouse unha prioridade vista a necesidade de solucionarmos un dos principais problemas na localización de software para galego: a inconsistencia terminolóxica.

A escolla da terminoloxía depende en grande medida da opinión do localizador ou do seu gusto persoal. Isto non é específico das traducións para galego e non debería ter moita importancia se ese criterio fose tido en conta ao longo de todo un proxecto de localización. No entanto, as características colaborativas da localización de software libre en que unha mesma aplicación é traducida por varias persoas, cada unha cos seus criterios, igualmente lexítimos, fai que o produto resultante non teña a calidade necesaria para os usuarios finais.

Esta situación fai conveniente un compromiso voluntario de todos os axentes involucrados para respectar un mesmo criterio nas tarefas de localización. Por este motivo, elaboramos como proposta de utilidade, un algoritmo de decisión terminolóxica, que aplicaremos nos casos en que non haxa unha solución de consenso xa adoptado, consonte o vocabulario ou dicionario de común aceptación entre os tradutores, ou cando non haxa unha preferencia clara na terminoloxía dun proxecto de tradución no que colaboren varias persoas. Como proba de funcionalidade, aplicáremolo nos proxectos de Mancomun.

Cómpre facer memoria de que os termos e a súa representación terminográfica teñen un funcionamento particular respecto do léxico común dun idioma. Os termos son unidades monosemánticas que manteñen unha relación de “homonimia” coas palabras de base. Enténdase ben, son unidades diferentes das palabras coas que comparten só a súa forma. É no contexto, e non por si mesmos que os termos revelan ou fan valer o seu valor semántico especializado. No noso caso cando falamos de terminoloxía só nos facemos eco deste valor especializado.

Por outro lado os valores semánticos especializados, establécense en rede, si a distintos niveis pero non en xerarquía (o cal negaría o seu valor monosemántico como termo). Por iso cando se decide ou reflexiona sobre a elección dunha solución terminolóxica é imprescindible ver como se asenta na “rede” dos demais termos.

Unidade terminolóxica (UL)
Metaentrada

/ \

Palabra

Termo

Algoritmo de decisión terminolóxica

Á hora de elaborar este algoritmo tivemos en conta tanto a curta "tradición" da terminoloxía de software galega, isto é, se algunha vez xa foi traducido o termo en cuestión, como a aplicación do 4º principio das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*.

Neste sentido, o algoritmo aplícase como instrumento de decisión desde xa naqueles casos en que a comunidade de tradutores, pola natural renovación dos seus membros, incorre periodicamente en debates nunca finalizados (*window, tab, plug-in, etc.*) que impiden a consolidación da terminoloxía.

A diferenza entre fixar unha solución nun vocabulario directamente e facelo a través dun algoritmo público e coñecido é que este permite a xustificación lóxica, obxectiva, da escolla. O uso do algoritmo non debe supoñer de ningún modo que se perda a capacidade de facer traducións con estilo propio. De feito, facilítase, xa que o estilo non pode residir na terminoloxía.

O tradutor, sexa voluntario profesional, convén que apele á comunidade para propoñer solucións ou debater cuestións de tradución cando non haxa unha solución documentada que xa forme parte dos consensos de tradución ordinarios³⁴. É imprescindible que existan foros onde este tipo de cuestións poidan ser compartidas. Toda consulta debe levar aparellada unha proposta de solución aínda que se apele ao debate. O debate así mesmo pode ser máis produtivo se se comparten un conxunto de directrices.

No caso do Manual, estas directrices fanse explícitas precisamente coa idea de que todo grupo ou entidade que o adopte saiba como encontrar unha vía de decisión ante as dúbidas de tradución. Por exemplo, cando un termo en inglés nunca foi traducido para galego³⁵ e non sirvan os termos brasileiro, portugués nin español. Igualmente, se un termo xa foi traducido para galego de varias maneiras válidas, nós primaremos as escollas que nos resultan máis próximas desde o punto de vista filolóxico. Sen dúbida, respecto da tradución de software será referencia primordial o portugués, xa que especialmente en Brasil e respecto do Swl ten unha vitalísima actividade na tradución e adaptación de anglicismos³⁶.

34 Falamos de "comunidade" non indicamos cal debe ser, mais resulta lóxico establecer canles de comunicación cos grupos de tradutores de software de ser posíbel, secundariamente os propios grupos de tradutores tradicionais poden fornecer axuda respecto da adaptación dos anglicismos.


35 Como principio xeral, todo termo debe ser traducido, porque é traducíbel e non se entende o que non se traduce

36 Por exemplo no caso da tradución de *window*, preferiremos xanela (fronte a fiestra, próximo ao catalán, ventá, próximo ao castelán, xanela, próximo ao portugués).

Finalmente, o algoritmo tamén recolle un pequeno sistema para evitar traducións homonímicas que existen nas traducións galegas (por exemplo, a utilización de suplemento nas traducións galegas tanto para *add-in* como para *add-on*) Moitos outros problemas da adaptación terminolóxica non son reducíbeis ao algoritmo: corrección de polisemia, inhibicións na adaptación (introducir anglicismos cando?)

O algoritmo é, pois, unha ferramenta do axente de tradución para lograr un obxectivo de localización consistente, sostíbel no tempo, o cal beneficia a toda a comunidade de utilizadores, que debe ser coherente e harmónica coas linguas romances próximas; é por iso que os resultados do algoritmo, nun caso particular non se deberán opoñer contra os consensos pacíficos da comunidade. O estudo das adaptacións terminolóxicas terá tamén moi en conta as achegas do francés, especialmente na súa norma canadiana porque, entre as linguas romances é a que antes se enfronta aos neoloxismos en inglés nos ámbitos técnico e científico e, como demostra a tradición recente mantén unha política consistente de creación de equivalentes fixos e consecuentes coa latinidade.

O recurso ao portugués, sendo preferente, pode non ser o único útil. Como se indicou arriba o francés dinos moito respecto da “independencia” denominativa e o catalán, italiano, castelán ou o romanés tamén poden axudar a tomar a opción máis aceptábel en termos de rendibilidade e harmonía romance. Desta maneira o “creacionismo” terminolóxico no vocabulario informático galego queda practicamente reducido á hipótese de inventos e achegas que poidan facer os desenvolvedores.



Modelo

Explicación teórica do funcionamento do algoritmo

O funcionamento do algoritmo segue o seguinte proceso:

1. Partimos dun termo en inglés (EN)
2. Contextualizamos o termo, isto é, vemos en que contexto aparece e cal é o significado adecuado no mesmo.
3. Comprobamos se o termo existe en galego (GL), isto é, verificamos a súa existencia nos seguintes cörpera: OOo, Windows XP, Mozilla. No caso de existir verificamos se tamén existe na base de datos portuguesa (PT): Mozilla, Ooo. Se houber correspondencia entre o termo galego e portugués pasará á verificación de homonimia do punto seguinte. Se non houber correspondencia ou se non existir o termo galego pasaremos á fase número 5.
4. Para comprobar se existen dúas palabras traducidas pola mesma, ou unha traducida por dous termos procederemos da seguinte forma:
 - a) Comprobamos se hai outra correspondencia entre o termo galego en cuestión e outro termo en inglés (EN2) na BD portuguesa. Se non houber pasará a ser o termo escollido.
 - b) Se houber outro termo inglés coa mesma tradución comprobaremos se o termo inglés de inicio (EN1) ten outra posíbel tradución en portugués (PT2). Se existir, verificaremos que exista en galego pasando a ser o termo escollido ou, caso contrario pasaría á seguinte alínea.
 - c) Se non existir outra tradución ou coincidencia co galego, comprobaremos se o outro termo inglés (EN2) ten outra posible tradución en portugués (PT3). Se existir, escolleremos o primeiro termo portugués (PT1), verificaremos que exista en galego pasando a ser o termo escollido ou, caso contrario pasaría á fase 5.
 - d) Se non existir un PT3, comprobaremos se PT2 ten correspondencia cun outro EN3. Se existir, escolleremos o primeiro termo portugués (PT1), verificaremos que exista en galego pasando a ser o termo escollido ou, caso contrario pasaría á fase 5. Se non existir correspondencia tamén pasaría á fase 5.
5. Comprobamos a tradución feita en portugués do Brasil e verificamos se hai correspondencia entre o termo encontrado e o termo na base de datos galega. Se houber correspondencia escolleremos ese termo, no caso contrario pasamos á seguinte fase.
6. Comprobamos a tradución feita en portugués de Portugal e verificamos se hai correspondencia entre o termo encontrado e o termo na base de datos galega. Se houber correspondencia escolleremos ese termo, no caso contrario pasamos á seguinte fase.
7. Comprobamos a tradución feita en español e verificamos se hai correspondencia entre o termo encontrado e o termo na base de datos galega. Se houber correspondencia escolleremos ese termo, no caso contrario pasamos á seguinte fase.
8. Se chegamos a este punto sen encontrar correspondencia entre o español, portugués de Portugal e

do Brasil co galego, escolleremos o termo galego no caso de existir e que anteriormente foi rexeitado por non ter correspondencia co termo portugués. Se non houber un termo galego debemos decidir se fica en inglés ou no caso de decidirmos traducilo delegaremos na comunidade o consenso do termo escollido.

Aplicación sobre algúns termos

Caso 1

1. Termo en inglés: *window*
2. Window é un termo técnico creado en inglés para denominar unha área visual, normalmente con forma rectangular que contén algún tipo de interface de usuario.
3. Termo en galego: xanela. Coincide co termo encontrado na base de datos portuguesa: janela.
4. Verificamos que non hai outra palabra en inglés que fose traducida por xanela.
5. Termo escollido: xanela

Caso 2

1. Termo en inglés: *window*
2. Window é un termo técnico creado en inglés para denominar unha área visual, normalmente con forma rectangular que contén algún tipo de interface de usuario.
3. Termo en galego: ventá. Non coincide co termo encontrado na base de datos portuguesa: janela.
4. Procuramos na base de datos brasileira: Janela. Comprobamos que hai correspondencia deste termo co termo galego Xanela.
5. Termo escollido: Xanela

Caso 3

1. Termo en inglés: *Tab*
2. Tab é un termo técnico creado en inglés para denominar cada un dos paneis de información contidos nunha única xanela.
3. Termo en galego: Separador. Coincide co termo encontrado na base de datos portuguesa: Separador.
4. Homonimia
 - a) Verificamos que hai outra palabra en inglés que foi traducida por Separador: Separator.
 - b) Comprobamos que non existe outra tradución para Tab.
 - c) Comprobamos que non existe outra tradución para Separator.
5. Termo escollido: Separador

Caso 4

1. Termo en inglés: *Tab*

- 2.Tab é un termo técnico creado en inglés para denominar cada un dos paneis de información contidos nunha única xanela.
- 3.Termo en galego: Pestana. Non coincide co termo encontrado na base de datos portuguesa: Separador.
- 4.Procuramos na base de datos brasileira: Aba. Comprobamos que non hai ningunha correspondencia deste termo co termo galego.
- 5.Procuramos na base de datos portuguesa: Separador. Comprobamos que hai correspondencia deste termo co termo galego Separador.
- 6.Termo escollido: Separador.

Caso 5

- 1.Termo en inglés: *desktop*
- 2.Desktop é un termo creado en inglés para denominar o cartafol inicial mostrado na pantalla nun determinado ambiente de escritorio
- 3.Termo en galego: Escritorio. Non coincide co termo encontrado na base de datos portuguesa: Ambiente de traballo.
- 4.Procuramos na base de datos brasileira: Área de traballo. Comprobamos que non hai ningunha correspondencia deste termo co termo galego.
- 5.Procuramos na base de datos portuguesa: Ambiente de traballo. Comprobamos que non hai ningunha correspondencia deste termo co termo galego.
- 6.Procuramos na base de datos española: Escritorio. Comprobamos que hai correspondencia deste termo co termo galego Escritorio.
- 7.Termo escollido: Escritorio.

Caso 6

- 1.Termo en inglés: *bold*
- 2.Bold é un termo creado en inglés para denominar un estilo tipográfico en que os caracteres teñen un trazo máis grosso.
- 3.Termo en galego: Negra. Non coincide co termo encontrado na base de datos portuguesa: Negrito.
- 4.Procuramos na base de datos brasileira: Negrito. Comprobamos que non hai ningunha correspondencia deste termo co termo galego.
- 5.Procuramos na base de datos portuguesa: Negrito. Comprobamos que non hai ningunha correspondencia deste termo co termo galego.
- 6.Procuramos na base de datos española: Negrita. Comprobamos que non hai ningunha correspondencia deste termo co termo galego.
- 7.Escollemos o termo galego inicialmente rexeitado: negra.

...³⁷

37 Seguen exemplos en anexo

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez, R. / Xove, X. (2002): Gramática da Lingua Galega. Vigo: Galaxia

González Rei, B. (2004): Ortografía da Lingua Galega. A Coruña: Galinova Editorial

Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2003): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Santiago: ILG / RAG.

Méndez López, I.: Guía de estilo, dúbidas e erros máis frecuentes na tradución de software e programas. Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña < <http://softwarelibre.udc.es/GuiaEstilo> > [Consulta: 5 setembro 2008]

Moura Ferreira, D. et al.: Guia de estilo de tradución. LDP-BR Projeto de Documentação Linux < http://br.tldp.org/ferramentas/guia_estilo > [Consulta: 5 setembro 2008]

Rodríguez Río, X. A. / Rubal López, X. A.: Guía de estilo para a localización de software ao galego, versión 0.1. Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela < <http://www.scribd.com/people/view/833931> > [Consulta: 5 setembro 2008]

VV.AA.: Guía de estilo. Mancomun < http://wiki.mancomun.org/index.php/Guía_de_estilo > [Consulta: 5 setembro 2008]

VV. AA.: Guía de estilo. Proxecto Trasnó < <http://www.trasno.net/trasno:estilo> > [Consulta: 5 setembro 2008]

Juan Rafael Fernández García. TLDP-ES < es.tldp.org/Presentaciones/200309hispalinux/3/3.pdf > es.tldp.org/Presentaciones/200309hispalinux/3/3.pdf

Ángel Alvarez Basic Computer Spanglish Pitfalls <<http://maja.dit.upm.es/~aalvarez/pitfalls/>>
Última actualización 12 de marzo de 2000 [Consulta: 10 de outubro de 2008]

Xosé Manuel Sánchez Rei (2007-2008). Seminario Norma e Uso. Máster en lingua e usos profesionais. UDC.

Luís Castro Macía (1995), Dicionario Xerais de Sinónimos, termos afíns e contrarios.

ANEXOS

Glosario de localización

<https://forxa.mancomun.org/projects/gls/>

Versionado

Versión actual 0.9.d

10. Revisións de Antón Méixome, 10 de marzo de 2009
9. Revisión de Antón Méixome, 5 de marzo de 2009
8. Revisión de Antón Méixome 27 de febreiro de 2009
7. Revisión de Antón Méixome 23 de febreiro de 2009
6. Revisión de Antón Méixome 22 de decembro de 2008
5. Revisión de Antón Méixome 19 de decembro de 2008
4. Revisión de Antón Méixome 15 de decembro de 2008
3. Revisión de Antón Méixome 5 de decembro de 2008
2. Revisión de Antón Méixome 25 de novembro de 2008
1. Revisión por Antón Méixome 20 de novembro de 2008

Autoría

Esta é unha obra colectiva³⁸ coordinada por Jesus Manuel Benítez Baleato para a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información (Consellaría de Innovación e Industria, Xunta de Galiza) no marco das xestións que lle foron encomendas á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galiza para o desenvolvemento de actividades de promoción do software libre encadradas no PEGSI a traveso do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza (Mancomun).

Esta obra é libre e está sometida ás condicións dunha Licenza Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza. 3.0 (<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>)

38 **Artículo 8.** Obra colectiva

Considérase obra colectiva a creada pola iniciativa e baixo a coordinación dunha persoa natural ou xurídica que a edita e divulga baixo o seu nome e está constituída pola reunión de achegas de diferentes autores cuxa contribución persoal se funde nunha creación única e autónoma, para a cal fose concibida sen que sexa posíbel atribuírlle separadamente a calquera deles un dereito sobre o conxunto da obra realizada.

Salvo pacto en contrario, os dereitos sobre a obra colectiva corresponderanlle ás persoa que a edite e divulgue baixo o seu nome.

Agradecementos

Susana Sotelo Docío, Juan Rafael Fernández, Xusto Rodríguez, membros da Comunidade Galega de Localización de Software (g11n), con especial mención ao Proxecto Trasno e a todos os que desde hai anos manteñen viva esta actividade

Cooperativa Tagen Ata

Imaxin Software

CESGA, con especial mención ao traballo de compilación de contribucións de Antón Méixome